



### Corenta anos dun libro

Historia da literatura galega contemporánea

Páxina 4



### Carnes galegas de calidade

Que é o dry-aged ou maduración en seco?

Páxina 10

### As pesqueiras de Arbo

Descubrimento e reencontro co Miño

Páxina 18



## 0 Miño: eixo de unión galego-portugués

### Ponte...nas Ondas, patrimonio para o futuro

A Asociación Cultura e Pedagóxica Ponte...nas Ondas! promove a candidatura para a inscrición do Patrimonio Inmaterial Galego-Portugués na Lista Representativa da UNESCO

Páxina 16

### Mondariz, destino en San Valentín

O Palacio da auga de Balneario en Mondariz convértese para San Valentín nun espazo "chill out" que combina terapia termal, música ambiente e o aroma das noites galegas nun entorno natural privilexiado

Páxina 20



■ Ponte de Salvaterra do Miño

Foto: HERNÁNDEZ

Telf: 986 64 08 34



Ahora Nueva Gama de Productos Selectos:

- Rocas de Chocolate
- Variadito de Pasteles
- Tarta de Frambuesa
- Sublime de Cacao
- Tarta de té

Todas ellas personalizables con tu foto o dibujos infantiles. A partir de 2 Kg

CONFITERIA  
**Regino**  
TLF: 986640834  
Ponteareas (Pontevedra)



## OPINIÓN

Nicolás Xamardo González

## Opinión

■ A chamada operación “Mate”, trala multitudinaria manifestación de Bilbao convocada por Sare a prol do fin da política de dispersión d@s pres@s vasc@s o pasado 10 de xaneiro, saldouse coa detención dunha ducia de advogados dos presos (acusados de pertencer a ETA e de cometer supostos delitos fiscais), o

encarceramento de tres persoas acusadas de pertencer a Herrera (unha asociación, ilegalizada, de axuda a ese colectivo) e a requisa do recadado na manifestación para cubrir os gastos da mesma. Como interpretar esa operación, réplica da levada a cabo o ano pasado polas mesmas datas, de nome “Jaque”?

Que busca o goberno do PP cunha política penitenciaria baseada, esencialmente, na dispersión d@s pres@s polític@s vasc@s (militantes de ETA ou non) dende fai máis de 25 anos; na doutrina Parot (aplicación retroactiva da lei para incrementar penas a pres@s con sentencias firmes), tumbada polo Tribunal de Es-

## A política penitenciaria do PP

trasburgo); no rexeitamento da acumulación de condeas xa cumpridas noutros países, contradicindo a normativa europea (o que supuxo sentencias contradictorias nas propias instancias xudiciais españolas e denuncias de xuíces sobre presións do executivo); na chamada vía Nanclares (redución de penas por arrepentimento), etc.

É evidente que os efectos que produce esta política son moitos e variados, tal e como recollamos das testemuñas de xente do País Vasco: vinganza; xerar

impotencia e desánimo; concentrar os esforzos nun asunto tan sentido como @s d@s pres@s e desviar as forzas doutras tarefas tales que a loita a prol do dereito de autodeterminación; contentar aos sectores máis ultras do PP (especialmente á AVT); buscar réditos electorais; desviar a atención da opinión pública española doutros asuntos (corrupción, paro, etc.), etc. Sen negar a importancia das devanditas razóns, persoalmente penso que o que de verdade busca o goberno do PP, coma antes o do PSOE, e o arrepen-

mento d@s pres@s polític@s vascos. O que Lacan chamaba cesión. Porque, coma este gran coñecedor da alma humana dicía, o que cede desaparece; é dicir, desaparece como suxeito para a política. E é por iso que ao goberno do PP non lle chega con que @s pres@s cumpran a condena imposta (o único criterio verdadeiramente legal), senón que buscan a súa destrución subxectiva, a súa derrota. Acadada esta (como pasa c@s da vía Nanclares), o movemento de liberación nacional e social vasco perdería a alma, cal Fausto, o que lle vendeu a súa ao demo. Arrepentimento é tamén o que ameazadoramente lle pide, unha e outra vez, o Estado á Esquerda Abertzale.



## O reto de Syriza

Por Manuel Bragado

A clara vitoria de Syriza rebenta un gromo de esperanza no ermo actual da Unión Europea, onde por vez primeira se podería enxergar unha posibilidade de rematar coas políticas de austeridade da Troika.

■ A Syriza, unha coalición de forzas de esquerda de espírito europeísta, asumiu onte o compromiso co pobo grego de recuperar a súa dignidade e a soberanía na súa gobernanza. Xaora, para desenvolver o seu programa terá que facer compatible a súa capacidade para negociar nos «mercados» internacionais a reestruturación da débeda ilexítima coa do financiamento que Grecia aínda precisa. Nunca foi doado inxerir o triángulo dentro da conferencia.

Por moita maioría que un goberno cre ter, non deba de ir nunca contra da sociedade á que representa pois, en todo caso, a ese pobo se debe. As cousas que nos pasan, só pasan aquí, neste contorno dunha dereita obsoleta con pasado escuro que, polo visto, segue a ameazar desde a memoria dos tempos e que non se actualizou en formas nin fondos. Iso fai que o colmo da contradición nos sitúe xa en territorios de autodestrución e aniquilamento, privatizacións e dispendios incontrolados. Este suicidio por escoller a aqueles que despois nos castigan e persiguen, que decreten contra a maioría de nós e contra o noso, sucede aquí, e con moito máis inri, en Galiza. Se fósemos un país con consciencia, coñecedor dos motivos, sabedores de como realmente son as cousas e porque isto está a suceder, o respaldo

outorgado no seu día podería retirárselles pola vía de apremio, antes do naufraxio e de que desfagan todo destruíndo o entramado social de asistencia e protección que anteriormente tanto costou acadar. Nunca os votos facultan a ningún goberno a facer o que fan, cando o fan tan mal. E nunca, ese goberno, pode sentirse arrogado en dereito para levar a cabo políticas de desmantelamento, pasando por riba de calquera consenso, sen amigos que se queiran implicar, cómplices da senrazón e do medo. Toda unha lexislatura, longa lexislatura, de covardes manobras nas que botándolle a culpa á crise, arremeten contra a sociedade, contra os máis débiles e desprotexidos. E quixeron botarnos a culpa, aos curretos,

## Impunidade?

dicindo que nos pasamos no tren de vida que levabamos, que viviamos por riba dos nosos posibles. Por non dicir un pecado, quedareime coa máxima, tan nosa, de que “a todo porco lle chega o seu Sanmartiño”. Non hai dúbida, están acabando cos bens públicos, reducindo as normas de liberdade para todos, e coidan que no futuro gocen desa impunidade vitimista diante do dano que nos están facendo. Creo que non, terán que responder dos seus actos, xa que aínda non fixeron nada por reparar os roubos e corruptelas que os definen. Non se pode agardar máis tempo, e ninguén deberá concederlles confianza ou desculpa. En tempos de escasez terían que compartir as cargas e na proporción do que cada quen ten. Pero iso non o fixeron, nin se fará. Serían eles os propios perxudicados. Lexislaron contra a educación e o dereito, contra á saúde, contra liberdade de expresión e de manifestación, evocando a seguridade deles e evitar as protestas e a contención dos abusos de poder, de demostración ostentosa e evidente das desfeitas que poidan cometer as forzas de orde, ao seu dispor, de acceso á xustiza e de uso da mesma Constitución como garante duns dereitos, que eles mesmos non respectan. Unha grande maioría de cidadáns repróchalles o tanto mal fixeron. Non lles sobra razón. O pobo sancionará a quen lle deu as costas e non perdoará. Agrediron ás clases traballadoras, á base social do país; mentres os ricos aumentaron os seus privilexios. Agrandaron as dife-

renzas, agora abismos, entre ricos e pobres. Lexislaron contra a nosa Língua e a nosa Cultura. Fixéronnos un dano de morte, quizais irreparable. As medidas económicas e sociais que propuxeron, empobreceron aínda máis a millóns de persoas ata traelas á miseria, á enfermidade e desespero, á vergoña e inmoralidade. Fixérono coa compracencia dos seus votantes e fixéronse cómplices de achegar fondos públicos, os nosos cartos, para tapar os abusos dos seus, de tal xeito que –os seus votantes– son tamén responsables, mentres morre xente de fame e de desamparo. Que non se emocionen, hai un ruído de cambio e unha insurrección popular que non conta con eles, que ademais poñeraos no seu sitio. Serán culpables do mal que fixeron. Un cambio que anule as maiorías como forma de goberno apisonador, contra do pobo soberano que non se resigna a que uns cantos, gobernen como lles peta, nunha inxustiza manifesta. Pobo que desexa a lexitimidade suprema, nunca corrupta, que debe presidir calquera pobo.



Martirena



Baldomero Iglesias Dobarrío

Mero

Cadernos da viaxe

por: Xoán Antón Pérez-Lema L.



## Xustiza, non vinganza.

**D**ende o Código Penal Belloch do 1995, agravado por reformas varias do segundo mandato de Aznar, o sistema punitivo español é dos máis rigorosos e represivos da Europa toda, malia que o Estado español presente menores niveis medios de delictuosidade. Non é certa a lenda urbana que dí que os delinquentes entran por unha porta e saían por outra. O que vemos decote os xuristas é, pola contra, que as penas tenden a se cumprir íntegras (“a pulso”, na fala do cárcere) e os beneficios penitenciarios a se limitar substancialmente. Por outra banda, a aplicación de tipos penais agravados baseados moitas veces en conceptos xurídicos indeterminados (organización criminal, banda armada, medio perigoso...) determinan a imposición de penas absolutamente desproporcionadas, como as impostas hai meses aos acusados de pertencer a Resistencia Galega.

A maioría absoluta do PP decidiu unilateralmente agravar substancialmente estas penas, deseñando entre o novo Código Penal e a lei de seguranza cidadá un “Dereito penal da perigosidade”, que tende considerar todo cidadán crítico e consciente coma un perigo social. As condutas relativas aos dereitos de reunión e manifestación despenalizanse para convertelas en infraccións administrativas, nas que non xogar a a presunción de inocencia propia das infraccións penais, senón a presunción de veracidade dos atestados policiais. É dicir, os cidadáns aos que se lles impoñan as elevadas multas lexisladas terán que reco-

rrer na vía contencioso-administrativa, pagando taxas desproporcionadas e arriscándose á condena ás custas procesuais, xa que non sempre será viábel atopar probas que destrúan a presunción do atestado policial.

Canto á reforma do Código penal, o PP introduciu unha “prisión permanente revisábel” que non é nin máis nin menos ca o cárcere perpetuo prohibido na Constitución. Poderase impór esta pena para delitos graves e só revisábel xudicialmente aos 25 e 35 anos consonte con criterios moi restrictivos. Si, ao ler isto, lles veu a imaxe de Edmond Dantés no castelo de If acertaron. Pechar e guindar coa chave.

A deriva autoritaria do PP agrábase tamén pola imposición dunha maioría parlamentaria que xa non existe socialmente para decidirmos cuestións que só compre facer por consenso, como son o Dereito Penal ou a lexislación sobre as liberdades.



## Secuestro do Santa María

**■** O día 3 de febreiro de 1961 rematou en Recife (Brasil) o longo secuestro do trasatlántico “Santa María”, da Compañía Colonial de Navegación, despois de trece días de navegación e unha intensísima actividade propagandística para chamar a atención das ditaduras franquista e salazarista, que tal fora o obxectivo desta acción espectacular protagonizada polo Directorio Ibérico de Liberación (DRIL), unha organización revolucionaria xestada no exilio venezolano, deseñada e dirixida polo nacionalista celanovés Xosé Velo Mosquera, que se facía chamar “Carlos Junqueira de Ambía”, coa colaboración de José Fernando Fernández Vázquez, un arousán, que fora militar da mariña republicana, que utilizaba o alias de “Comandante Sotomayor”, e o militar portugués Henrique Galvao. Na folia de ruta do directorio revolucionario estaba previsto levar o buque ata a illa de Fernando Poo e despois desembarcar na Guinea continental para incorporarse aos movementos independentistas.

Nos días que durou o secuestro producíronse varios motíns a bordo, que Pepe Velo coa súa prodixiosa habilidade dialéctica aplacou. A medida que Velo falaba, como por arte de maxia, o ambiente íase serenando. Miguel Urbano, xornalista portugués e membro do comando relátao así: “Axiña me decatei de que Pepe Velo non era un “condottiero” nin un revolucionario profesional. Enfrentouse sen armas ao xentío enfurecido e dominouno con palabras. Pero dunha ma-

neira rara, sen demagogia, sen ameazas, cun extraño calor humano. Os tripulantes arredáronse avergoñados, as mulleres chorando”. Esa oratoria que caracterizaba a Pepe Velo foi a mesma que levantou o entusiasmo e o aplauso de máis longa duración dos asistentes ao 1º Congreso da Emigración Galega celebrado en Buenos Aires en 1956.

A escenografía revolucionaria que Pepe Velo utilizou durante os días do secuestro era dunha coidada pulcritude que motivaba sentidas emocións. Nun deses momentos, o día 25 de xaneiro, dirixiuse á pasaxe formada por moitos emigrantes que voltaban a súa terra así: “Irmáns: os tempos son chegados. Mais nós non andamos ao paso do tempo. Nós ímos sempre a destempo para ficarmos saudosos, dimitidos, no contratempo. Que ben di o Dieste cando trasuda a súa galeguidade humana nos Mandamentos para axudar á Renacementa de Galiza!: Ser sempre oportunos, endexamais oportunistas”. E invocando aos mártires galegos dí-lles: “Os soños de xustiza que moveron a vontade daqueles mártires están a punto de se realizaren”.

O mesmo acto de entrega da nave ás autoridades brasileiras foi dunha estética pouco común, pero que Pepe Velo soubo materializar en todos os extremos. Antes de guindar a áncora, escoitouse polos altosfalantes, a todo volume, a Obertura 1812 de Txaikovski, nos momentos finais, canda o repique das campás, as descargas de fusilería e as salvas de artillería se mesturaban cos berros do pobo pola victoria. Arriouse a bandeira republicana cos membros do DRIL



OPINIÓN

Xosé González Martínez

formados, mentres moita xente cantaba a “Marsellesa”.

Non coñecía a Pepe Velo, pero souben moito del polas confidencias que meu pai, que foi amigo seu, me contou. Confeso que o seu exemplo foi decisivo, anos despois, na formación da miña conciencia política.

Instalado en Sao Paulo, onde faleceu en 1972, ali pasou os seus derradeiros días rexentando a librería “Nós”, que había transformar en editorial –“Publicacións Galicia Ceibe”– na que tiña mentes de editar a súa obra inédita. Víctor Velo, seu fillo, que tamén formou parte do comando do DRIL, relatoume moitas anécdotas do seu pai reveladoras do seu pensamento político, que se define moi ben nestas versos dun poema do noso heroe: “Ei Mocidade Galega/Non acaba o que non comenza/cómpre ir á liberdade/ela soíña non chega”.



## Opinión

Por Manuel Rodríguez Alonso

# Corenta anos dun libro fundamental e vinte e cinco cabodano do seu autor

**H**ai agora corenta anos, en 1975, cumpriáanse os vinte e cinco aniversario da fundación de Galaxia. Ese ano, o da morte de Franco, publicábase a segunda edición da Historia da literatura galega contemporánea de Ricardo Carballo Calero, que presentaba a gran novidade en relación coa primeira edición, a de 1963, de engadir a análise da literatura do século XX. Na primeira edición a historia remataba no XIX. Nesta segunda, Carballo analiza a obra de todos aqueles autores que tiñan algo publicado antes de 1936. Este ano ademais cúmprese o vinte e cinco aniversario da morte de Carballo Calero, polo que cómpre falar desta grande obra de Carballo, así como un chisco da súa personalidade.

Como todo o mundo sabe, Carballo Calero foi o primeiro cate-drático de Lingua e Literatura Galegas da Universidade de Santiago. É autor de dúas obras fundamentais na historia da filoloxía galega, que están na base, dígase o que se diga, de todo o que se fixo despois. A primeira é a Gramática elemental del gallego común, cuxa primeira edición é de 1966. Esta gramática serve de base e modelo a todas as que viñeron despois, a partir dos anos oitenta do pasado século.

Hai agora corenta anos saíu a segunda edición da súa Historia da literatura galega contemporánea. Este libro foi superado en

detalle, mais nunca en conxunto. Aínda hoxe cómpre consultalo se se quere falar en serio da literatura galega. Por outra banda, na segunda edición periodiza e estuda a nosa literatura no século XX, posto que a primeira edición (1963) só abarcaba o século XIX. Alí moitos de nós puidemos consultar o desenvolvemento da literatura galega no século XX dentro do seu contexto histórico, político e cultural, pois Carballo informa sobre feitos como o xurdimiento das Irmandades da Fala, os proxectos editoriais de Casal, a revista Nós ou a actividade do Seminario de Estudos Galegos. Era, naqueles anos, un manancial de información, xa non só de literatura, senón sobre Galicia.

Temos, ademais, a sorte de poder ver como se foi escribindo paso a paso esta Historia da Literatura Galega Contemporánea a través da correspondencia entre Carballo Calero e Fernández del Riego, que está publicada por Galaxia. Carballo ten a honradez

de ler ou intentar ler todos e cada un dos libros dos que fala e mesmo llos solicita ao seu amigo Fernández del Riego. Non menos digna de gabar é a intención de posta ao día da obra. Dixemos que só analiza a obra de escritores que tiñan algo publicado antes de 1936, mais destes es-

informa sobre asuntos conflitivos da literatura galega (daquela aínda existía a censura por moito que a adozase a Lei Fraga) como o Castelao ensaísta, xa que analiza Sempre en Galiza dando no albo de conseguir informar sen alporizar a censura.

Xa que logo, esta segunda edición da Historia da literatura galega de Carballo Calero é un libro fundamental, pois grazas a el puido, tras o Decreto de 1979 que establecía a ensinanza oficial do galego como materia no Ensino Primario e Medio, realizarse a programación dos cursos de EXB e Bacharelato e mesmo permitiu que se redactasen os libros de texto para o ensino. Tamén é esta Historia da literatura a base de todas as que viñeron despois, aínda que non se queira recoñecer isto porque Carballo Calero sofre hoxe un esquecemento por parte da filoloxía-cultura oficial pola súa posición a prol da normativa reintegracionista na última etapa da súa vida.

Na derradeira etapa da súa vida, Carballo asumiu a teoría de Rodríguez Lapa de que o futuro do galego estaba en asumir a ortografía e o estándar portugueses. Carballo foi a gran figura e adalí do reintegracionismo fronte ás posturas isolacionistas mantidas polo ILGa (Intituto da Lingua Galega). Nos anos oitenta o ILGa dominaba a filoloxía oficial e consegue que a súa normativa, claramente dependente da castelá, sexa aprobada e imposta polo poder político. Mais, o labor de Carballo a prol da apertura do galego cara ao portugués, na liña defendida por Paz Andrade, persoeiro da inclusión do galego na lusofonía, rematou por ser entendida mesmo polos normativizadores oficiais, que cada vez, como trataremos de demostrar en artigos vindeiros, achegaron máis o galego cara ao portugués. Abonde con citar esta frase dun dos membros máis competentes do ILGa e da RAG de hoxe e que mellor coñece a realidade lingüística galega, F. Fernández Rei, na súa clásica xa Dialectoloxía da lingua galega (1990): Na actualidade, desde o punto de vista estritamente lingüístico, ás dúas marxes do Miño fálase o mesmo idioma... ; pero no plano da lingua común, hai no actual occidente peninsular dúas linguas modernas..., que poden non impedi-la intercomprensión ó existir un bilingüismo inherente entre o galego e o portugués... (páx. 18).

Por iso, lembremos a Carballo no corenta aniversario da publicación da segunda edición da súa Historia da literatura galega contemporánea e no vinte e cinco cabodano da súa morte.



55 anos ao servizo dos clientes

**CASA CHUPA OVOS**

Pulpo a la gallega  
Estofado de Marisco  
Revueltos especiales

986 61 10 15 - A GUARDA

**RESTAURANTE - TAPERIA**

**Xeito**

**RESTAURANTE • MARISQUERÍA**

Rúa Fernández Albor, 19 (al final del puerto)  
Telf. 986 610 474 - Móvil: 659 984 234  
36780 A GUARDA (Pontevedra)  
SERVICIO DE TAXI: 679 413 661

**ESPECIALIDADES**

- Pescados y mariscos de la ría
- Bogavante con arroz
- Entrecot de buey
- Cordero o Xeito
- Caldeirada de pescados
- Postres caseros

Por Xulián Maure



■ O título que encabeza esta breve nota de benvida e felicitación a *Novas do Eixo Atlántico* está tomado do libro de recente aparición en París *À nos amis*, firmado por un Comité Invisible que xa publicara hai sete anos *L'insurrection qui vient*, na mesma casa editorial "La fabrique éditions". O libro que agora sae asegura que "non hai unha «crise» da que habería que saír, hai unha guerra que nos cómpre gañar". E, dado que todo movemento revolucionario precisa dunha linguaxe propia, este Comité Invisible quere contribuír co seu último libro a elaborala. Para conseguilo o libro *À nos Amis* sairá case simultaneamente en oito idiomas e en catro continentes. "Se nós andamos por todo o mundo, se nós somos lexións, cómprenos empezar a organizarnos mundialmente" advirten na introdución. A editorial de Logroño «Pepitas de calabaza» anuncia a edición de A nuestros amigos para marzo de 2015.

Os lectores de *Novas do Eixo Atlántico* pertencemos ao mesmo continuum lingüístico. Todos nós podemos nos entender cos habitantes da parroquia veciña, dende o cabo San Vicente a Estaca de Bares.

## Aos nosos amigos

Hai máis dunha ducia de séculos, cando a xente nova da vella Gallaecia saía de casa para loitar contra o califato de Córdoba, os que quedaban na terra xa gardaban no tesouro da súa lingua miles de palabras como «pomar», «vila», «cova», «calar», «casa», «cima», «rego», «foz», «paraíso», «forno», «boi», «ermida», «medo», «freguesía», «ovella», «lagar», «furto», «conde»,

terra dos galaicos no medievo, reina hoxe con murallas máis agresivas desde Wall Street.

Como futuros lectores responsables da nosa vida común pode acontecer que nos convertamos en creadores ou descubridores de novas organizacións do poder social. Pode que algún día teñamos que explicar á Europa, que nos bautizou como Eixo Atlántico, que non pode haber democracia sen auténticos «demos», sen auténticos pobos; que os galaicos queremos a «hexemonía» que nos permita participar con outros pobos na construción e defensa do «procomún», de todo o que o imperio privatizou e intenta seguir privatizando.

Na contracapa de *À nos amis* os autores fan unha longa dedicatoria:

A aqueles para os que o final dunha civilización non é a fin do mundo;

A aqueles que ven a insurrección como unha brecha, maiormente no reino organizado da necidade, da mentira e da confusión;

A aqueles que adiviñan, detrás da mesta brétema da «crise», un teatro de manobras, de estratexias –e polo mesmo, a posibilidade dun contraataque...

A aqueles que se organizan; A aqueles que queren construír unha forza revolucionaria, revolucionaria por sensible;

A todos eles, esta modesta contribución á intelixencia deste tempo.

Estas *Novas* mensuais da beira do Atlántico teñen que ser unha achega máis a intelixencia dos galicianos.

*"Se nós andamos por todo o mundo, se nós somos lexións, cómprenos empezar a organizarnos mundialmente"*

«cordeiro», «verdade», «vida», «territorio», «veiga». E moitos tamén dos posibles lectores de *Novas do Eixo Atlántico* pertencemos a outro colectivo creado pola oligarquía globalizada. Hoxe gregos, galegos, portugueses e moitos outros en tódolos continentes formamos as masas sen capacidade de reacción ante o exceso de poder acumulado. O poder feudal, civil ou eclesiástico, que marcou fronteiras na



*À nos amis*  
Comité Invisible



*L'insurrection qui vient*  
Comité Invisible



■ Dicatoria na contracapa de *À nos amis*



Por Uxío-Breogán Diéguez | Profesor da Universidade da Coruña

## O 'Consello de Galiza' sete décadas despois (I)

Falarmos do Consello de Galiza é remitírmonos ao exilio galeguista, após o golpe militar reaccionario e españolista de xullo do 1936. É falarmos, dito doutro xeito, da resistencia patriótica galega de alén mar, capitaneada centralmente por Daniel Rodríguez Castelao, fronte ao totalitarismo español que deu lugar a catro décadas, practicamente, de ditadura franquista.

### ■ Castelao, a Irmandade Galega e Galeuzca no exilio

Naquela altura na que Castelao fixaba a súa residencia en Bos Aires (cidade na que máis de 400.000 galegas e galegos vivían), as e os nacionalistas galegos, vascos e cataláns exiliados estaban a se resituár, após o trunfo do exército golpista nunha guerra desigual en territorio peninsular. Cumpria relanzar mensaxe, tecendo organizativamente corpo. Nesta orde de cousas, no propio 1941 creábase a Irmandade Galega (sorte de novo e ampliado Partido Galeguista no exilio) arredor do propio Castelao e Alonso Ríos, relanzándose entre outras iniciativas o pacto que unía a aquelas tres nacións europeas sen Estado, sob a denominación de Galeuzca (creado orixinariamente a partir do 'Pacto de Compostela', asinado no 1933). Castelao e a Irmandade Galega sería quen máis se esforzaría por relanzar aquel pacto (como Alexandre Bóveda fixera oito anos atrás). Un proceso, o galeuzcán, que ten investigado e analizado pormenorizadamente o historiador, e bon amigo, Xosé Estévez.

Galiza, Euskadi e Catalunya procuraban obter con Galeuzca unha ferramenta efectiva en chave autodeterminista, a partir dun seu común denominador (nacións integradas nun mesmo Estado que aspiraban á súa plena soberanía), actuando como unha caixa de resonancia do seu programa e obxectivos.

### De Galeuzca ao Consello de Galiza

Desde Galeuzca, aliás, procurábase a queda da ditadura franquista, demandando democracia para o marco español diante da comunidade internacional. Colaborábase cun goberno republicano español exiliado, máis moribundo e sen iniciativa de alcance segundo pasaban as décadas. O pobo vasco participaría nese tempo do exilio democrático co seu Euskadiko Batzar Nagusia e o catalán co Consell Nacional de Catalunya, transformación dos gobernos autóctonos que se conformaran en xénese no tempo republicano. Para o caso galego, no que o golpe militar do '36 dera coa queda do tecido patriótico e democrático nas primeiras semanas (a diferenza do caso vasco e, sobre todo, do catalán, cunha sociedade civil maciza), facíase necesario conformar un organismo que puxera en valor o feito nacional galego, resgatando o legado republicano. Xa que logo, desde a Irmandade Galega desenvolveríase unha dinámica favorábel á creación dun desexado 'goberno galego' no exilio. Con Castelao e Alonso Ríos como principais valedores, sería o 15 de novembro do 1944 cando se presentaría o resultado desta campaña: o Consello de Galiza. E sería en Montevideo onde se levantaba acta naquela data do acordo da súa creación (imposíbel na Arxentina ao vivir este país unha tesitura especialmente convulsa).

# Saúdas

## SAÚDA ALCALDESA DE TOMIÑO



Os pobos irmáns tenden Pontes para diluír as fronteiras e neste caso o Miño funciona como perfecta fórmula de disolución química das nosas diferenzas para resaltar as nosas similitudes e semellanzas.

Os pobos de Vila Nova e Tomiño sempre estiveron unidos, que non separados,

polo río e dende aquela ponte de barcas que tan ben se debuxa nos mapas das fortalezas do século XVII, pasando polo ferry agora convertido en cafetería, até a Ponte da Amizade, construída hai máis de 10 anos e que significou a unión definitiva e permanente.

A ponte representa para a nosa vila centralidade e conectividade; é dicir, de estar na esquina do Sur de Galicia, pasamos a estar no centro mesmo da Eurorrexión entre os seus dous polos de desenvolvemento económico máis importantes: Vigo e Porto.

Collemos a testemuña da carreira e comezamos unha nova etapa baixo a sinatura da Carta da Amizade, coincidindo co décimo aniversario, no 2014, da ponte que une os nosos pobos. Con estas premisas comezamos a xerar un espazo de comunicación e debate que sirva para posicionar aos nosos concellos de xeito unitario en Europa, coma un mesmo territorio de alto valor medio ambiental, económico e de futuro.

Neste sentido, vemos de implementar a Axenda Estratéxica para a Cooperación Transfronteiriza Amizade Tomiño-Cerveira 2014-2020, dentro da cal celebramos con éxito catro grupos de traballo temáticos con participación de axentes locais de ambos os concellos e entidades rexionais de Galicia e Norte de Portugal. Este traballo terá coma resultado a presentación dun plan de acción para a redacción de proxectos que serán presentados conxuntamente co fin de acceder a fondos europeos, especialmente ao Programa de Cooperación Interreg V España-Portugal (POCTEP) 2014-2020.

A nosa intención é a de seguir tecendo pontes de futuro, pontes entre un mesmo espazo natural, pontes sobre o mesmo río, pontes sobre unha mesma cultura...

Sandra González Álvarez  
ALCALDESA DO CONCELLO DE TOMIÑO

## SAÚDO DIRECTOR DA FUNDACIÓN CEER



A Fundación Centro de Estudos Eurorrexionais Galicia-Norte de Portugal (Fundación CEER), traballa para o desenvolvemento dunha rede de cooperación entre as Universidades de Galicia e o Norte de Portugal que permita aumentar as potencialidades de cada unha delas e reforzar o noso potencial científico e tecnolóxico, así como mellorar a formación en todas as áreas e perfiles, adaptando os nosos sistemas educativos á sociedade europea do futuro.

Dende a Fundación CEER, por afinidade cos seus obxectivos fundacionais, celebramos iniciativas como a desta nova revista, que teñen un elevado interese para a comunidade académica eurorrexional. Iniciativas de comunicación que poñen en valor a cooperación, as relacións humanas a ambos lados da "fronteira" e a importancia da información, a creación dunha canle de información común que nos manteña máis cerca e de onde ademais, fruto do noso mútuo coñecemento, poidan xurdir iniciativas conxuntas.

Celebramos este primeiro número, cunha abordaxe eurorrexional de temas sociolóxicos, xeográficos, culturais e políticos como o inicio dunha colaboración na que queremos estar involucrados en continuidade.

Rubén Lois González

DIRECTOR DA FUNDACIÓN CEER



Por Guillermo Rodríguez

Director de Novas do Eixo Atlántico

Hoxe queremos poñer nas súas mans un xornal novo, ou un novo xornal, que tanto monta. Un xornal que creamos con todo cariño e ilusión para que rompa ese maleficio existente entre Galicia e o Portugal minhoto. Ese espazo que os romanos nas súas conquistas por occidente deron en denominar Gallaecia. Eles entenderon ben que a actual Galicia (e algo máis de espazo) e o Norte portugués configuraban un marco xeográfico unitario e así foi tratado. Logo, ao longo da historia, esta unión territorial sufrían fracturas continuas ata chegar aos momentos actuais en que levamos séculos vivindo, como moi ben din os nosos veciños e irmáns portugueses, de costas voltadas.

Cando os romanos abandoaron a península e chegaron os suevos, comezou a creación de diferentes reinados que rematarían nas coroas de Castela e León. Logo a historia da realeza foi fracturando espazos e repartindo territorios ata chegar ao momento actual en que Galicia e Portugal constitúen dous países diferentes.

Pero nós sabemos que non sempre foi así e por iso tratamos de poñer os alizances para que unha nova unidade xeográfica, sociolóxica, cultural e lingüística volte as súas orixes: Gallaecia debe renacer das súas cinzas cal ave fénix para conformar de novo ese espazo de entendemento, desenvolvemento e relación humana que fora nos primeiros tempos da nosa historia.

Historia que está chea de referentes a un lado e outro do río Miño. A heroína Inés Negra

dende o seu pedestal en Melgaço faínos lembrar a súa loita pola defensa do seu pobo contra as ansias de conquista da raíña castelá. O poeta João Verde escribe uns preciosos versos nos que reflexa o sentimento de

poñen pegas para as unións sentimentais nin de ningún tipo. Pero para que esa unión fructifique, para que na Unión Europea: Galicia e o Norte portugués (a Eurorrexión) teñan unha forte entidade e identi-

asente unha nova Gallaecia, aínda que con outro nome. Pertencemos a un mundo lingüístico que comprende máis de 6 millóns de falantes que, coas históricas diferencias, se entenden se maior problema. O

marían, xunto con Brasil e as antigas posesións portuguesas de África, a terceira lingua do mundo occidental con máis falantes, moi por enriba do alemán ou do francés.

Hoxe o río Miño ofrécenos catro pontes, como catros brazos para ese abrazo fraternal que entre todos temos que provocar, estimular e practicar. Fagámolo pois, rompamos tódolos nudos gordianos da incompreensión, da desconfianza da falta

## Nunca máis de costas voltadas



■ Río Miño, fronteira natural

fractura existente entre as dúas ribeiras: "Vendo-os assim tão pertinho // A Galiza mais o Minho, // São como dois namorados // Que o rio traz separados // Deixai-os, pois, namorar, // Já que os pais para casar // Lhes não dão consentimento"

Nos queremos dicirle ao poeta monçanense que xa se poden casar, que os pais actuais, os galegos e os minhotos xa non

dade é preciso traballar nesa dirección. Ese é o cometido e o compromiso deste humilde xornal que hoxe poñemos nas mans dos nosos amables lectores. Tentaremos ofrecerlles aportacións no eido histórico, no eido lingüístico, no eido económico, académico, para que todos vaíamos creando esa mentalidade receptiva como base humana, social e cultural sobre a que se

único problema é a miopía política de certos responsables da cultura galega que se opoñen ao estudo e posta en marcha de mecanismos de confluencia entre o galego e o portugués. Dúas linguas que saíron da mesma árbore non poden vivir afastadas cando xuntas dispoñen dun potencial enorme; confor-

de interés que que esta potencia sexa unha realidade.

Que así sexa. Bos /bom días Galiza /Portugal.



**A Pontevedra alternativa**

Avenida de Lugo, pasarela de José Adrio, Blanco Porto, Santa Clara, Gonzalo Gallas, Gerardo Álvarez Limeses, Víctor Cervera Mercadillo, Manuel Leiras Pulpeiro, barrio de Fontensanta, praza de Marqués de Valterra, Maestranza, Doutor Marescot e Prudencio Landín.

Avenida de Lugo

### A Concellería de Urbanismo transformando a cidade

Case catro millóns de investimento e 60.000 metros cadrados de actuacións para humanizar o espazo público



CONCELLO DE PONTEVEDRA



visit Pontevedra

[www.visit-pontevedra.com](http://www.visit-pontevedra.com)  
[www.pontevedra.eu](http://www.pontevedra.eu)

## Entrevista



Helena Flores

# “Estou à procura da poesia na fotografia”

expressa a fotógrafa portuguesa Helena Flores

Helena Flores é uma mulher de sorte enfrentando desafios todos os dias. A vida oferece-lhe duas maneiras de encarar a realidade. Além de exercer a bela profissão de enfermeira, para ela tirar fotos é uma necessidade vital. Mãe e esposa, é também uma artista. Helena ganhou o Prémio Novo Talento FNAC Fotografia 2014 com seu ensaio sobre a cegueira, “Luz interior”.

filha, em 2008, foi altura de mudar para uma câmara digital. Iniciávamos a nossa segunda grande viagem. Fotografar ficou mais fácil. O digital ajudou-me a fotografar mais e mais, por uma questão de custos. Mas só comecei a pensar a sério na fotografia quando tive vontade de desenvolver um projecto fotográfico ligado às Caxinas para enriquecer um outro projecto, do meu marido, que se preparava para fundar uma associação para o estudo e preservação da memória e identidade da comunidade piscatória de Caxinas. Acontece que os resultados não me satisfaziam, sentia necessidade de criar um fio condutor estético e conceptual no meu trabalho e não estava a conseguir. Então aí inscrevi-me no Instituto Português de Fotografia (IPF). Estou agora no segundo ano, termino

poder documental da fotografia interessa-me, até como forma de expressão. Quero usá-lo para documentar Caxinas. Permite-me opinar sobre o mundo, registar ideias...

**A fotografia é um mistério para si?**

■ Mais do que misterioso, é algo mágico. E depois há um lado em que a fotografia ultrapassa a mera representação do que vemos, para poder significar outras coisas. E aí aproxima-se da poesia. Esta é uma abordagem que ainda tenho de explorar.

**É Enfermeira, estuda fotografia. Como combinar as duas profissões?**

■ Neste momento combino a formação em fotografia e o trabalho em enfermagem sacrificando muitas horas de sono e de dedicação à família. Tendo em conta que tenho uma menina com seis anos, é duro. Ainda não pensei muito no futuro. Ou mel-

quanto fotógrafa mas também enquanto cidadã, pessoa, habitante do mundo. A partir daqui, parafraseando António Machado, prefiro pensar que não tenho caminho, farei o caminho a andar. Gerir o tempo será sempre a grande dificuldade. Mas há coisas boas, as duas vertentes estão fundidas e das zonas de fusão pode surgir a criatividade. Sou especialista em saúde materna e obstétrica e a história da minha profissão é inspiradora para projectos documentais/conceptuais de fotografia.

**O que gostaria de captar nas fotos?**

■ Isso depende do tema. No geral, gostava de conseguir que as minhas fotografias perdurassem para lá de um primeiro momento de visualização. Que sobrevivessem ao tempo. É por isso que fotografamos. Para prolongar a memória de alguém, de um acontecimento, de uma ideia. Resta saber é se o conseguimos fazer de maneira a nos distinguirmos dos demais, numa altura em que segundo uma estatística de Julho de 2013 – que deve estar muito desactualizada, para um número superior – num minuto na internet são visualizadas 20 milhões de

Por Francisco Puñal Suárez


**Onde e quando nasceu Helena?**

■ Nasci em Vila do Conde a 11 de Novembro de 1978. Vila do Conde fica a cerca de 25 km do Porto em direcção a norte, à beira mar. Sou de um lugar chamado Caxinas, profundamente ligado ao mar e à pesca.

**Estudou e trabalha em enfermagem. Quando foi atraída para a fotografia?**

■ Comecei a estudar enfermagem quando tinha 17 anos. Achava que o meu caminho era esse, não tinha dúvidas. Nessa altura não pensava em fotografar. Comprei a minha primeira câmara em Lanzarote, quando lá fui em 2001 na viagem de lua-

de-mel. Tinha que haver registo dessa primeira grande viagem a dois. Fiz um pequeno curso de fotografia para aprender a tra-



balhar com ela em modo manual. Desde essa altura o gosto foi crescendo e o meu marido sempre me foi sinalizando o jeito. Quando estava grávida da minha

em Junho o curso profissional. Gosto muito de lá estar.

**Por que razão fotografa?**




■ Gosto da fotografia porque me explico melhor com imagens, o



hor, aquilo que pensava quando me inscrevi no IPF, deixou de fazer sentido. Agora tenho em mãos um prémio que me faz reflectir na minha função en-

fotos.

**Vejo que nas fotos de Casa do Guincho, Saudade Levada ao Peito e Luz interior, trabalhos que podemos ver em**



**lenaflores.photography, se fixa em mulheres que enfrentam a vida de forma diferente. Qual o motivo desta opção?**

■ É uma coincidência. Acontece que estes trabalhos estão prontos e podia mostrá-los. Tenho outros, em andamento, ou em projecto, que envolvem homens.

**Como foi trabalhar com Ana, em Luz Interior?**

■ Foi um exercício de aprendizagem. Luz Interior aborda o tema da cegueira. E, se para alguns, a cegueira é sinónimo de escuridão, neste trabalho deixamos a luz crescer na mão da Ana. Ela é invisível

desde o nascimento. Deixou-se fotografar enquanto explorava as esculturas contemporâneas do Parque da Fundação de Serralves, no Porto. Cada imagem de Ana tem correspondência com um desenho dela (foi esse o conceito do trabalho e foi isso que o júri do prémio avaliou e gos-

tou). Ela mostrou-me como se vê uma escultura sem usar os olhos. Ela fez desenhos das obras de arte criando um documento puramente visual. E isso deixa-me ainda perplexa. Quantos de nós, normovisuais se deram ao trabalho de conhecer o código braille? Desconhecer é muito pior que não ver. Houve ainda uma relação simbiótica entre nós. Eu queria fazer este trabalho, ela queria mostrar que os cegos não são menos capazes que os outros. E acho que o projecto serviu bem os objectivos dela e os meus.

**O que significou para si este prémio Novo Talento FNAC Fotografia 2014? Quando se inaugura a exposição e até quando pode ser vista?**


■ O primeiro significado que lhe atribuí foi o da recompensa. Senti que passou a haver mais uma razão para manter este empenho na formação, que tanto me tem custado. Sim... algumas vezes pensei se estaria a cometer uma loucura. Depois... o nome do prémio: Novo Talento... Oíço muitas vezes dizer que, na excelência, 10% é talento e 90% é trabalho. Passa então a faltar-me o trabalho, muito trabalho. E, finalmente, o prémio traz visibilidade. A questão é conseguir aproveitar todo esse potencial. Para além da divulgação que já vai acontecendo, a exposição será inaugurada a 10 de Fevereiro na FNAC de Santa Catarina, no Porto e por lá ficará até Maio. Depois dessa data iniciará o circuito por outras lojas FNAC do país, durante um ano. Isto é um prémio muito bom.

**Quais são os seus planos para 2015?**

■ Fotografar, fotografar. Vou acabar o curso, e quero fazer um bom projecto final, que é muito importante. Depois poderei descansar um pouco – das aulas apenas, porque tenho o trabalho no hospital – e pensar no que poderei fazer com esse talento que dizem – e eu acredito – que tenho.

**Mais informações:**

<http://helenaflores.photography>  
Facebook: Helena-Flores-Fotografia  
<http://www.culturafnac.pt/luz-interior/>



# Carnes de longa duración de vacún galego

Ninguén pensa que sexa posible mellorar unha das mellores carnes do mundo. Explicámosche en que consiste o proceso de Discarlux para conseguir un resultado excelente. Oh, DRY-AGED!

## QUE É O DRY-AGED OU MADURACIÓN EN SECO?

Tralo sacrificio do animal, comeza o proceso do rigor mortis: a glucosa, a enerxía necesaria para o funcionamento dun animal, a cal é irrigada no sistema para nutrir os nosos múscu-

dos cárnico comezan a ceder, os músculos reláxanse e o produto optimízase para o seu consumo.

O primeiro paso do dry aged é un proceso de secado,

THE PERFECT

DryAged

los, deixa de chegar a estes e pónense ríxidos. Neste momento, por unha reacción química do corpo comeza a emanar ácido láctico, que cobre a falta de glucosa e ao mesmo tempo protege o músculo do entorno. Pasados uns días o ácido láctico comeza a desaparecer, os tecidos

cunha humidade controlada e unha temperatura constante de entre 1º a 3ºC durante o tempo que cada animal requira e resista. Aí entra a man e o ollo experto de José Portas e Carlos Ronda. Cada lomo é único e require un proceso controlado.



### ■ Obxectivos do dry-aged

O Dry-aged busca concentración e potenciación do sabor, mediante varios factores. O primeiro, a evaporación da humidade do músculo fai que o sabor sexa moi intenso.

O segundo factor é que as enzimas endóxeas, presentes na carne, fan que os tecidos conxuntivos do músculo se desfagan de forma progresiva, obtendo unha textura única na carne. Os mofos exteriores non son perxudiciais para a peza, senón que forman unha costra que se limpa ao servir o produto. Estes mofos, xunto coas enzimas mencionadas anteriormente potencian o sabor da carne.

### ■ Resultado final

Sabor intenso, notas picantes, salinas. Toques de neses e améndoas frescas. É o resultado de todo o proceso, desde a selección dos animais ata o prato, onde o noso cliente recibe o resultado de toda a paixón por ennobrecer o produto de Discarlux. Agora, é súa a responsabilidade de tratar o produto como se merece.



### ■ COMO O FAN

Viaxamos a Galicia cada semana buscando de forma exhaustiva os tan exclusivos e preciaos exemplares, algo que resulta tan duro como cativador.

Segundo paso, percorremos as explotacións familiares ao longo e ancho desta rexión observando cada unha das múltiples razas autóctonas e o trato tan personalizado que cada unha delas proporciona aos seus animais é simplemente marabilloso.



### ■ Só as pezas excepcionais son marcadas como ORIXE.

Pezas seleccionadas unha a unha nos matadeiros onde se encontran os mellores exemplares, e que se maduran nas nosas modernas instalacións o tempo necesario para alcanzar o seu punto óptimo. Para paladares moi esixentes e grandes conoedores da carne.

### ■ A SELECCIÓN

Cando falamos de dry aged debemos dar por sentado que para conseguir un resultado óptimo dunha curación de superior a 200 días estamos obrigados a iniciar o proceso cun produto excepcional, para iso dirixímonos ao lugar de orixe destes animais.



OPOL. IND. VALLECAS  
CALLE PROVISIONAL 2, NAVE 7  
28031 MADRID, ESPAÑA  
TEL: +(34) 915 07 98 61  
discarlux@discarlux.es  
WWW.DISCARLUX.ES



- Centro Gerontológico y Centro de Día.
- Plazas Concertadas.
- Estancias permanentes y temporales.
- Atención médica y psicogeriátrica, atención sanitaria 24 h, cuidados paliativos, rehabilitación, estimulación cognitiva, actividades lúdicas, peluquería, podología...
- Situada a 200 m. de la playa.

### Calidad de Vida



**MONTETECLA**  
RESIDENCIA TERCERA EDAD

Playa Camposancos s/n. A Guarda  
Telf.: 902.364.491 - 986.627.265

[www.monteteccla.com](http://www.monteteccla.com)





Martirena

**Café - RESTAURANTE**  
**O NOVO PORTIÑO**

C/. Rosal, 37  
Tel. 986 61 17 84  
36780 A Guarda

chinomoraais@hotmail.com  
**José Luis Moraís Martínez**  
- PROPIETARIO -

**Lampreas del Miño**  
SERVIMOS A DOMICILIO



Avda. Portugal, 115 - O PASAXE - Camposancos  
Telf: 986 611 308 / 670 691 403  
36788 A Guarda

## Ponte de Lima

# Rogelio Martínez destaca a aposta da Xunta pola cooperación transfronteiriza nun acto de promoción turística de Xantar en Ponte de Lima

O delegado territorial subliñou que Galicia e o Norte de Portugal traballan a prol da cooperación sumando esforzos e sen perder autonomía.

A vindeira edición do salón Xantar desenvolverase do 4 ao 8 de marzo en Expourense

**P**onte de Lima (Portugal), O delegado territorial da Xunta en Ourense, Rogelio Martínez, asistiu na localidade lusa de Ponte de Lima ao acto de presentación da 16ª edición do Salón Internacional de Gastronomía e Turismo, Xantar no marco da campaña de promoción turística "Em época baixa, Ponte de Lima em alta" incluída nun con-

venio de colaboración asinado entre a Cámara Municipal desta localidade portuguesa e Expourense para a promoción mutua dos eventos que organizan ambas dúas entidades.

Rogelio Martínez destacou a aposta da Xunta de Galicia pola cooperación transfronteiriza

"que permite aunar esforzos sen perder autonomía" e matizou que esta estratexia ademais de pór en valor a gastronomía, a artesanía ou o turismo

propio de cada rexión, fomenta novas dinámicas que posibilitan novas oportunidades para as economías locais e xeran emprendemento.

O delegado territorial subliñou,

ademais, o papel do Salón Xantar como bo exemplo de iniciativa desta cooperación.

A vindeira edición de Xantar desenvolverase no recinto feiral de Expourense do 4 ao 8 de marzo e nela estará presente un stand

de Ponte de Lima para promocionar os recursos turísticos desta localidade lusa.



# En baño,

# laguardia & moreira

## laguardia & moreira

www.laguardia-moreira.com www.multimat.es -902 18 20 00- atcliente@laguardia-moreira.com

La Coruña - Vigo - Villagarcía - La Guardia - Multimat Ourense

## Entrevista

# Museu Nacional da Imprensa: um bem cultural de grande valia

Porto é a segunda cidade de Portugal, e é o lar de um museu único, que tem uma das maiores heranças tipográficas do mundo: o Museu Nacional da Imprensa, que expõe 365 dias por ano, várias máquinas e instrumentos da história da 'imprensa de chumbo', e onde os visitantes podem compor e imprimir livremente.

Este Museu também apresenta uma Galeria Internacional de Caricatura, com uma exposição permanente sobre "PortoCartoon-O Riso do Mundo", baseada num dos três principais festivais mundo do desenho de humor. Os visitantes podem apreciar os desenhos vencedores daquele certame, que, em 2015, realizará a sua décima sétima edição.

Com várias atividades, Luis Humberto Marcos, diretor do Museu e PortoCartoon e colegas homenageia os cartunistas assassinados e empregados da revista satírica francesa Charlie Hebdo, e especialmente Georges Wollinski que foi presidente do júri do PortoCartoon, desde 2004.

Com Luis Humberto dialogamos



Por Francisco Puñal Suárez

Luis Humberto Marcos, diretor do Museu e PortoCartoon

### Quando surge o Museu e que importância tem?

■ O Museu da Imprensa abriu ao público em 1997, com uma missão muito clara: resgatar a memória histórica do setor; identificar e recuperar equipamentos historicamente importantes e desenvolver uma

projeto de 'museu vivo' (foi o 1º em Portugal), numa linha de descentralização efetiva da cultura. O acervo do Museu - muito rico - é constituído por centenas de peças, sobretudo dos séculos XVIII e XIX. Pelo conhecimento existente, trata-se de uma dos mais significativos patrimónios

de arqueologia tipográfica do mundo. Além da preservação e divulgação da história das artes gráficas e do jornalismo em Portugal, tratamos o humor gráfico de uma forma muito especial, através sobretudo do PortoCartoon-World Festival. Em termos de museus de imprensa no

mundo, esta é uma particularidade singular: humor num museu de imprensa.

Neste contexto, uma das exposições permanentes do Museu é precisamente "PortoCartoon-O Riso do Mundo". Além desta, há outras duas permanentes: "Memórias Vivas da Imprensa" e "Miniaturas Tipográficas". Esta é a maior coleção mundial de miniaturas do setor, todas feitas à escala.

Para sintonizarmos como lema do museu - O Prazer da Cultura - a instituição está aberta 365 dias/ano.

### Quais são os objetivos do Museu 2015? Como é financiado o Museu?

■ Para 2015 continuaremos a reforçar a democratização do humor com exposições do PortoCartoon no território nacional e no estrangeiro. O tema da Luz contém em si mesmo uma pluralidade de sentidos que se ajusta bem à criatividade desconstrutiva dos cartunistas. Queremos com este tema iluminar as mul-

tiplas zonas do mundo onde as trevas antidemocráticas e as fantasias pseudo-democráticas afetam a cidadania e os direitos humanos.

O Museu pertence a uma associação sem fins lucrativos - a AMI - Associação Museu da Imprensa - que todos os anos procura encontrar os financiamentos necessários ao bom exercício da sua actividade. Por um lado, através de mecenas; por outro, através da geração de receitas próprias. A crise obriga-nos a ser mais engenhosos.

### Que trabalho fazem com os estudantes?

■ Com os estudantes temos duas linhas de ação: uma relativa às visitas de estudo organizadas através das escolas e universidades; a outra com alunos universitários de design que fazem aulas especiais no Museu

### Em que medida o PortoCartoon valoriza o Museu?

■ O PortoCartoon é o eixo mais popular e internacional do



■ Museu Nacional da Imprensa



■ Jerzy Gluszek, Polónia - Grande Premio do PortoCartoon-World Festival 2010

Museu. Desde a abertura, demos ao humor gráfico um lugar de destaque nas atividades culturais. A preponderância foi crescendo à medida que a adesão dos cartunistas à escala mundial

berdade de expressão. É um dos melhores barómetros da liberdade de imprensa. Além da valorização do Museu, o PortoCartoon transformou-se numa ponte que liga culturas,



■ Georges Wolinski, caricaturista francês, PortoCartoon júri

também aumentou. Sempre defendemos a ligação histórica do humor gráfico ao jornalismo, não só pela tecnologia, mas também e sobretudo pela intervenção social. O humor gráfico constitui um dos bastiões da li-

como tão bem desenhou o arquiteto Siza Vieira, ao criar o troféu do certame. Desta forma, queremos fazer do Portocartoon um porto de abrigo universal da arte e dos artistas do humor. Foi nesta perspectiva que em 2005



■ Miro Stefanovic, Sérvia - Grande Prémio do PortoCartoon-World Festival 2013

criámos o Museu Virtual do Cartoon ([www.cartoonvirtualmuseum.org](http://www.cartoonvirtualmuseum.org)). Temos a funcionar permanentemente (365 dias/ano) a galeria PortoCartoon-O Riso do Mundo e, em junho de 2014, abrimos a Casa do Cartunista, inaugurada por Wolinski, presidente do Júri do PortoCartoon desde 2004.

**Como diretor do Museu o que é que o deixa mais satisfeito e qual a meta que ainda falta alcançar?**

■ Sou um insatisfeito por natureza e por isso temos sempre novas metas no horizonte. Em termos de prioridade, estamos a trabalhar no Museu sem Fronteiras da Imprensa da Lusofonia e, depois da abertura do Museu de Imprensa-Madeira, em 2014, há projetos de internacionalização em cima da mesa.

**E sobre o atentado criminoso na revista francesa Charlie Hebdo?**

■ O massacre na catedral do humor - Charlie Hebdo - foi um verdadeiro apagão de sangue no ano da luz. Secundando a ONU, o tema principal do PortoCartoon 2015 é precisamente a LUZ. O Charlie Hebdo é o símbolo maior do humor gráfico no mundo. A preparação de nova edição mostra que o medo não venceu. E que os algozes da liberdade não devem ser transformados em heróis. A vitória do humor sobre o ódio é crucial neste Séc. XXI.

**Como lembra Georges Wolinski?**

■ Georges Wolinski era um sábio de ironia e do humor com traço de criança. Irreverente, mas não agressivo, era um artista amável



■ Diego Herrera, "Yayo", Canadá - Grande Premio do PortoCartoon-World Festival 2014

e rebelde. Não só mostrava as realidades violentas, como aplicava a finura do traço na sua obsessão pura, natural e platónica, pela mulher. Era um bon vivant da excelência do humor. Um grand seigneur que fazia do humor a essência da vida. O seu humor tinha uma dimensão pedagógica forte, mostrando a realidade ao sabor da banda desenhada. Wolinski, com quem convivi

desde 2004, vivia subordinado ao princípio do prazer, sem esquecer a intervenção social e política do humor.

Sabia como ninguém usar a genialidade do humor perante a agressividade da vida. Era em síntese: Um génio da ironia com traquinices de criança!

Más info:  
[www.museudaimprensa.pt](http://www.museudaimprensa.pt)

## Nas Ondas

# 0 ano para reivindicar o património común galego-portugués

**A Asociación Cultura e Pedagóxica Ponte...nas Ondas! promove a candidatura para a inscrición do Patrimonio Inmaterial Galego-Portugués na Lista Representativa da UNESCO**

Por Rocío Pereira

Xornalista

Há dez anos um grupo de professores e de professoras de centros educativos galegos e portugueses entregava na sede da Unesco em Paris a primeira Candidatura Multinacional promovida por centros educativos de dois países da União Europeia e acreditada por dois Estados; um aspecto valorizado pela própria Unesco. Buscava o reconhecimento das tradicións orais galego-portuguesas como patrimônio cultural imaterial. Daquela non foi posible conseguilo pero neste 2015 retómase a ilusión com mais força.



## A primeira candidatura

No ano 2001, aproveitando as primeiras proclamações das Obras Mestras do Património Imaterial feitas pela UNESCO,

Ponte...nas ondas! decide explicar e explorar o conceito de "património imaterial ou intangível" termo até então quase desconhecido. Este trabalho realizou-se através da valorização da cultura popular

galego-portuguesa, o que vinha já sendo feito nas jornadas radiofónicas que organizava dende o ano 1995 com escolas das duas beiras do Minho e doutras terras da Lusofonia e de América do Sul.

A partir de todo o trabalho realizado com alunos entre as escolas de ambas as margens, nasce o sonho e com ele a proposta de apresentar uma Candidatura com este património comum. Foram três anos duma intensa atividade que envolveu profissionais de diferentes áreas e de diferentes setores; foi toda uma comunidade que se mobilizou e tomou consciência de que partilhava um imenso tesouro. Partindo das escolas, o processo cativou especialistas de várias Universidades, as próprias comunidades de portadores, personalidades da cultura, coletividades, instituições e representantes políticos. Sumáronse nomes como Federico Mayor Zaragoza (Ex-diretor Geral da Unesco), Manuel Rivas, Suso de Toro, Nélida Piñón, José Saramago, Mário Cláudio, Graça Moura, Edite Estrela, Elisa Ferreira ou instituições como a Real Academia Galega, o Conselho da Cultura Galega, o Museu Soares dos Reis, o Parlamento da Galiza, o Congresso dos Deputados de Espanha e a Comunidade de Trabalho Galiza-Norte de Portugal, que assumiu a coordenação da Candidatura.

## Apresentação em Paris

Ultrapassadas todas as barreiras, em 18 de outubro de 2004 a Candidatura do Património Imaterial Galego-Português era entregue na sede da Unesco em Paris. Para Ponte...nas ondas! o objetivo estava cumprido e a esperança permaneceu viva durante mais de um ano, até que o dia 25 de novembro de 2005 viron o projeto adiado. Na mesma sede da UNESCO foron felicitados pelo trabalho desenvolvido e foi-lhes comunicado que esta proposta teria futuro, se fosse convenientemente reformulada. Esta decisão foi transmitida também aos dois Estados que apoiavam a Candidatura. Sem ficar quietos e, adiantando-se à entrada em vigor da Convenção para a Salvaguarda do Património Imaterial, decidiram tentar convencer de novo as administrações, da importância desta iniciativa, e da necessidade de preparar novamente os trabalhos. Aqui é onde se retoma o projeto este ano para regressar a Paris e ver o sonho feito realidade.



## Forças precisas para conseguir o reconhecimento

Pessoas, associações e entidades públicas e privadas teñen que remar xuntas na mesma dirección para acadar o objetivo: a inclusión do patrimonio imaterial da Galiza e do Norte de Portugal na Lista Representativa da UNESCO. Para isso conta com dúas condicións destacadas: pódese manifestacións orixinais e de valor excepcional pola súa condición de variantes das culturas populares de Europa e está presente numa nascente realidade que é a euro-región Galiza-Norte de Portugal.

Ademais destes valores, o proceso debe implicar ás institucións e á sociedade civil porque o respaldo cidadá é clave para o seu éxito. Neste sentido, a candidatura debe ter o aval de Galiza e de Portugal que, como administracións, teñen que recoller o sentir e a vontade do povo, das persoas portadoras deste patrimonio. Em canto aos rivais, esta iniciativa multinacional non compete com as propostas de cada país a título individual, xá que a propia UNESCO ativou uma aplicação na súa web para as propostas conxuntas de vários Estados. Por outra parte, dado que este patrimonio está espallado por todo o mundo, é posible que outros Estados poidan sentirse comprometidos coa proposta. Tódolos apoios son oportunos e suman em positivo.



É preciso o respaldo dos centros educativos, que son a orixe e o motor desta iniciativa e que serán o futuro, já que continuarán a transmitir o patrimonio ás novas xeracións. O soporte de persoas, a título individual ou colectivo, que se juntem a este propósito é necesario tamén, como o das Fundacións, Cámaras ou Juntas de freguesia. Co apoio compartido de tódalas partes hase escribir unha nova páxina na historia da Euroregión.



## Como apoiar a candidatura

Na web [www.opatrimonio.org](http://www.opatrimonio.org) atópase toda a información relativa ao proceso da candidatura e vehículanse os apoios individuais e institucionais para lograr que a UNESCO recoñeza o patrimonio inmaterial galego-portugués. Pódese asinar individualmente para o que só é preciso cubrir un formulario em catro pasos. No caso de conce-

llos, escolas galegas ou portuguesas e entidades galegas e portuguesas, teñen ao seu dispor um formulário específico que podem descargar directamente da web. Ademais, existe a posibilidade de poñer un banner de apoio em calquera sitio web, que tamén está dispoñible na dirección sinalada, e mesmo é posible compartir e difundir o manifesto elaborado polo escritor Suso de Toro de apoio ao patrimonio común.

# Ponte...nas Ondas!: 20 anos coa cultura compartida

Ponte...nas Ondas! (PNO) é unha experiencia educativa que se desenvolve desde o ano 1995 grazas á cooperación entre centros educativos públicos de primaria, secundaria e universidades de Galicia e do norte de Portugal, coa participación de diversos países de América. Coa radio como elemento comunicativo e de aprendizaxe vaise construíndo un proxecto pedagóxico e cultural impulsado polo profesorado e coa participación necesaria do alumnado, que celebra 20 anos de traxectoria.

A experiencia iniciouse cunha xornada radiofónica de 12 horas de emisión realizada por estudantes galegos e portugueses. A partir do ano 2003 alcanzou as 24 horas de emisión con programas producidos por máis de 50 centros educativos, aos que se sumou a universidade na IX edición e escolas de Arxentina, Cuba, Chile ou Colombia nos anos seguintes.

Nestas dúas décadas de historia acumúlase as experiencias: discos e libros

editados (Na Ponte, Meninos Cantores, Cores do Atlántico); a posta en valor do patrimonio e a cultura compartida; o desenvolvemento de citas como o Festival

Internacional de Teatro Ponte...na Escena! ou os Certames de Recolla da Tradición Oral; e a concesión de varios premios como o Ondas ao Mellor Programa Informativo do 2014. Ademais, desde o ano 2001 promoven a inscrición do Patrimonio Inmaterial Galego-Portugués na Lista Representativa da UNESCO, que é o obxectivo que queren acadar nos próximos meses.



# Os nomes das pesqueiras de Arbo e Melgaço: orixe e significado

Por Manuel X. Xiráldez González, miñoto aravense

## Descubrimento e reencontro co Miño a través dos nomes das pesqueiras

**E**n El paisaje en la concepción poética, Álvaro Cunqueiro escribe: "(...) Y, en el fondo, otra cosa no es la toponimia: bautizamos con nuestra vida nuestra tierra, y los topónimos reflejan mil veces, tanto como una determinación significativa, un grado de amor y de amistad, y hasta de nostalgia, y sobre todo, de posesión. Es decir, de cultura y de historia. Claramente para mí reside aquí una de las dimensiones poéticas de un paisaje (...)". Nos nomes de lugar, pensa o escritor, atopamos o patrimonio cultural: a cultura da paisaxe unida á cultura da lingua a través da toponimia, unha dimensión histórica e poética.

Gonzalo Navaza, no prólogo do libro *Os nomes de lugar*, de Fernando Cabeza, afirma que os topónimos son a concreción lingüística da vinculación histórica dun pobo coa súa xeografía, que se descobre humanizada, culturizada e dotada de pouso histórico. Factores seculares como a dispersión da poboación, o carácter tradicional da sociedade campesiña, a orografía irregular ou a fragmentación da propiedade favorecerían a inmensidade e a antigüidade da toponimia maior e menor galega. O filólogo citado suxire daquela unha actitude comprometida de ecoloxía toponímica co obxectivo de ser conscientes da importancia dos nomes de lugar tradicionais e do interese de conservalos vivos e descontaminados, tanto os referidos aos núcleos de poboación coma os que mencionan ríos, regatos, montes, vales, penas,... por tratarse dun legado de séculos.

Nesta liña está a proposta de Xosé Lois Pilar, Agora ou nunca. A talasonimia, que deixa constancia escrita dos topónimos do mar grazas á memoria dos homes e mulleres que levan centos, miles de anos, explotando o medio mariño; xente da Guarda, Oia, Panxón, Baiona,... Nomes que supoñen un patrimonio inmaterial, máis pronunciado e escoitado ca escrito, que cómpre recuperar e perpetuar: A Laxe, A Pedra da Ribeira, Os Mouróns, As Maulas, O

Pozo da Aguieira, As Bravas do Oeste, O Carreiro do Lobo, ... Este estudoso fai fincapé no aproveitamento que esta temática ten desde o punto de vista filolóxico, a r -

queolóxico, patrimonial e na súa vertente pedagóxica.

O lingüista Edelmiro Bascuas, en *Estudios de hidronimia paleoeuropea gallega*, concede importancia singular á hidronimia respecto ao estudo da prehistoria e da identidade lingüística dun pobo: "(...) Cuando un país es conquistado por otro los nombres de los ríos suelen conservarse con una tenacidad muy superior a la del resto de la toponimia. Se impone la lengua del invasor y se olvida la anteriormente usada, pero los ríos tienden a seguir llamándose de la misma manera. También los nombres de las etnias, de los lugares y de los montes sobreviven a menudo a las lenguas que les dieron vida, pero no con la persistencia característica de los hidrónimos(...)".

En Arbo abriron perspectivas, nas últimas décadas do século XX, as palabras sempre suxerentes de Ignacio Gago, campesiño, pescador e defensor do Miño, orador da cultura popular. No lugar da Coruxa, en San Xoán de Barcela, respondía a unha entrevista nos noventa: "(...) O río é un dos motivos polo que estamos aquí, é dicir, que é a orixe nosa. Estes asentamentos que se facían por aquí parten de que nos tempos primitivos os medios de subsistencia que tiñan as comunidades eran a caza e a pesca, e claro, á beira dun río con tanta riqueza e tan visible como era esta, non cabe dúbida de que as xentes primitivas se instalaban por aquí. Por iso é a nosa identidade, unha identidade que está a punto de extinguirse porque dentro de pouco non sabemos que é o que nos vai identificar. (...) Acórdome de moitos nomes de pesqueiras no tramo de Barcela. Podíache mencionar, empezando alá por baixo, a do Pelado, que era moi boa para sábel; había a Cregha; a Maceira, campioa en sábeles ao dar sesenta ou oitenta nun día; vindo para riba, está a do Anovado, a Mourisca Vella, o Mirante, o Muro, tamén moi boa para o salmón e o sábel; o Novás... Tirando máis para riba había o Coto, chamada o Coto da Gundiana; o Carballo;

a Pendurada; o Billón de Baixo e o Billón do Medio; a do Burro, pesqueira esta moi importante; o Xueiro; o Cachón de Riba; o Cachón do Medio; o Bravo; o Cadeiro... ; despois iamos ao Regato, que xa entra na banda de Arbo(...)".



**Lampreas, sábeles, sabenllas, salmóns, escalos, ... da Longa, do Cabrón, do Folgado, da Fraira, dos Cregos, do Mendes, da Torriña, do Cachón, do Novás, da Canelas, ...**

**U**na viaxe a pé río arriba polas ribeiras, como se fosemos lampreas, sábeles, sabenllas, salmóns, anguías, troitas, escalos..., de Sela a Barcela, de Santa María de Arbo a San Xoán de Mourentán e Cequeliños; en fronte, do Penso a Alvaredo, Paderne, Prado, Remoães e Vila de Melgaço, ou mesmo realizando paseos nas vellas barcas miñotas, permite localizar e converter os nomes das pesqueiras nunha aula aberta interpretativa de xeografía, historia, lingua e cultura: un espazo de convivencias galego-portuguesas, na noutroira común vella Gallaecia, que cómpre recuperar, protexer e revitalizar na Europa actual sen fronteiras.

A documentación escrita existente, da Idade Media á actualidade, e a memoria popular, transmiten a través dos tempos centos de palabras coñecidas e esquecidas, na antiga lingua románica propia do extremo noroeste da Península Ibérica, no galego, galego-portugués ou portugués, que nos levan a unha familia, a un fogar, a un lugar, a unha aldea, a unha vida

determinada, tal coma os nomes dunha veiga, un socalco, unha almuíña, bouza ou varcia. En todas as freguesías, máis ou menos perto das ribeiras, veciños con dereitos nos pescos, casas grandes, igrexarios, mosteiros,... procuraron na pesca un bo avío, un valioso e arranxador complemento natural á horta, á vide e á labranza. Terras que contan coas súas atalaias nas augas do Miño, os seus podium, torriñas ou turriñas: a Torre da Bouza, a Torre da Almuíña... Palabras fermosas, bautizos da vida ao longo dos séculos, conservadas, simplificadas, cambiadas, esquecidas ou abandonadas, sobre todo desde finais dos sesenta logo da construción do encoro de Frieira (posta en funcionamento en xullo de 1970) e da posterior venda a Fenosa, a finais dos setenta e nos oitenta, de terras e pesqueiras para o aínda proxectado salto de Sela. Lampreas e peixe supremo da Mina do Fogo ou Dónigha, dos Cotos da Barba, da Torre da Almuíña, da Torre da Bouza, do Escumeiro de Dentro, do Naseiro





do Regato, da Sabenlleira da Ribeira, do Lomil do Coto Redeiro,...

O estudo e clasificación dos nomes das pesqueiras de Arbo e Melgaço, de Galicia e Portugal, da romana e medieval Gallaecia, orixe e significado, descubren e ensinan un manual explicativo do contorno paisaxístico e a descrición dos propios pescos nos seus aspectos construtivos, arquitectónicos, funcionais e históricos. A modo de breve mostra, e seguindo criterios semánticos aplicados xeralmente á toponimia, é posible establecer grupos temáticos como os seguintes: a constitución do terreo ou as características orográficas (o Penediño en Sela; o Penedo e Penedos entre Melgaço e Remoães,...); a flora e os labores agrícolas (o Salgueiro en Cequeliños e no Pens; Queimados en Sta Mª de Arbo; Queimada no Penso,...); a hidrografía e as augas (o Bravo en Barcelona; as Bravas en Penso-Paderne,...); a fauna (Sabenlleiro da Ribeira, en Sta Mª María de Arbo; Lampreiro, en San Xoán de Mourentán..., Savelheiro, entre Melgaço e Remoães; Lampreeira en Alvarado,...); as comunicacións (a da Barca, en Cequeliños; a Barqueira, no Penso,...); a construción, tipoloxía e partes da pesqueira (a Boca Torta, en Arbo, a Boca da Fraga, en Alvarado; os Pesqueiros, en Barcelona...; Pescote da Novinha no Penso,...); as artes de pesca (o Coto do Redeiro; en Barcelona; o Redeiro, de Remoães a Paderne,...); formas de asentamento humano, tipos de núcleos de poboación ou fórmulas de propiedade (o Crasto, a Dónigha, en Cequeliños; a do Reguengo, en Paderne; a Dona, no Penso,...); institucións monásticas, igrexarios e cregos (a dos Coengos, en Arbo; a do Cónego e Sé; de Melgaço a Remoães; os propietarios (a do Pataco, en Arbo; a do Duarte, en Paderne...); frases e expresións populares

(a Voutever, en Barcelá; a Jatevejo, en Alvarado,...).

Outro criterio a ter en conta é o estrato lingüístico do que proceden estas palabras. Unha boa parte dos nomes son restos da lingua ou linguas faladas na prehistoria hai miles de anos antes da chegada do latín traído polos romanos e o cristianismo. É a denominada toponimia e onomástica prerromana ou prelatina, exemplificada en referencias do tramo arabense, como Cotos da Barba, Picota, Cornagostos, A Mourisca Nova e Vella, Da Varcia, Da Groba, Callobre, O Cabrón de Arriba, O Carballo, A Laxela, O Coto Pombeiro, O Coto Rodeiro, Do Cangado Vello, Das Cangas, Cambeiro, Coto da Bronca, Carallote, Coto de Lourido, Gabián, Brión, De Argacil, Mina de Fogo, Sapeira, Arnado, Barrela, Lamosa... E nas ribeiras melgacenses

semellantes: Barbados ou Barbados, Picoutos, Costa da Varzea, O Carvalho, Do Cangado, O Caralhote, O Louridal, O Gavião, Brião, Lameiro, Lameira... (na súa maioríacunha raíz etimolóxica que remite a un significado orixinal de lugares pedrosos e depresións fluviais). Outros máis recentes teñen séculos de antigüidade ao nacer en latín, ou xa en galego; son os propios nomes latino-romances: as galegas Caldas, Dónigha, Vizoso, Os Cregos, Casales de Dentro e de Fóra, Novas ou Novás...; e as portuguesas A Dona, O Viçoso, Os Novais... A estes habería que engadir os nomes de orixe xermá-



nica, como Loimil, Méndes, Gundiana, Guisande, Baltar,... co significado de antigos posesores. E en menor medida, os de orixe árabe, como é o caso do termo Almuiña, que se documenta na pesqueira A Torre da Almuiña, e que fai mención a unha zona de horta ou terreo agrícola.

O coñecemento da orixe e significado da onomástica das pesqueiras do Miño está na liña de contribuír á salvagarda do Patrimonio Cultural Inmaterial, neste caso a través do ámbito dos usos lingüísticos. Unha forma de recoñecer e divulgar a importancia da súa protección, ao mesmo tempo que se contribúe a completar unha visión integral do que sen dúbida ningunha é un Ben de Interese Cultural (BIC) e un Selo do Patrimonio Europeo no Minho, declaracións oficiais que se agardan, tanto da Xunta de Galicia coma da UE. As torres, torriñas ou turriñas nas augas do prehistórico e histórico \*Min-io-s ou Minium, son monumentos histórico-artísticos, patrimonio arquitectónico, paisaxístico e medioambiental; porén, tamén son lugares a onde se acudía e se acode porque neles houbo e hai vida, espazos de encontro, de traballo e reparto, de brincadeira, de enxamea e folías. Tanto para os obxectivos deste estudo sobre os nomes das pesqueiras como na cuestión de pensar o porvir, resultan un punto de partida interesante as estratexias presentadas na publicación Cultura tradicional e desenvolvemento rural (edición a cargo de Xavier Simón e Xabier Prado, Vigo, 2006), que inciden na idea central do coñecemento tradicional como un alicerce para construír o futuro ou a re-

vitalización do mundo rural a partir da valorización da cultura tradicional.

Os visitantes decobren sorprendentes o encanto do río e ribeiras miñotas dos antigos Aravo e Melgatio, lugares comúns na antiga Gallaecia, lugares transfronteirizos na Europa actual; pero os propios arbenses e melgacenses han de reencontrarse con esta natureza e a súa dimensión vital e cultural concienciándose da riqueza diversa que supón a súa protección e aproveitamento sostible fronte ás ameazas da sobreexplotación e da especulación sen escrúpulos. Cómpre, daquela, recuperar a memoria e defender a vida arredor do río. A propósito do percorrido que fai a pé polo río da súa infancia, o Curueño da montaña leonesa, Julio Llamazares escribe en El río del Olvido: "El paisaje es memoria. Más allá de sus límites, el paisaje sostiene las huellas del pasado, reconstruye recuerdos, proyecta en la mirada las sombras de otro tiempo que solo existe ya como reflejo de sí mismo en la memoria del viajero o del que, simplemente, sigue fiel a ese paisaje. Para el hombre romántico, el paisaje es, además, la fuente originaria y principal de la melancolía. Símbolo de la muerte, de la fugacidad brutal del tiempo y de la vida, el paisaje es eterno y sobrevive en todo caso al que lo mira (...)". Pola súa parte, en El río que nos lleva, do economista e escritor José Luis Sampedro, igualmente o río da súa infancia, o frade franciscano que defende a vida e a natureza dille ao duro capataz das obras do encoro de Entrepeñas sobre o Tajo: " (...) Todo, todo es milagro. La hermana piedra es un milagro, y la fuerza del hermano río también. Cada hombre es un milagro (...), no desprecies a las piedras. Ámalas. ¿ No ves que a ti, que destrozas la peña, puede un día la peña destróizarte (...) ?".

## Mondariz Baneario

# Mondariz enamora, un destino para San Valentín

**D**esenvólvese un programa especial para o Día dos Enamorados no que se inclúen tratamentos en parella, cosmética termal, sesións de spa ao luar, cavaterapia como novo programa á carta e a parte gastronómica coa recuperación de menús históricos do Grande Hotel.

Moitos saben que Mondariz enamora e que xa enamorou a numerosos personaxes ao longo de tres séculos, porén poucos coñecen as historias de amor apaixonadas que xerou neste tempo un dos balnearios máis antigos de Europa. A vila termal conta entre as páxinas da súa historia coa voda do rei Dom Dinis e Dona Isabel de Portugal na capela do Bosque, cos amoríos de Emilia Pardo Bazán con Benito Pérez Galdos que quedaron in-

*A vila termal conta entre as páxinas da súa historia coa voda do rei Dom Dinis e Dona Isabel de Portugal*

mortalizados nunha ampla colección de cartas desde Mondariz, ou co enamoramento á primeira vista de John III Rockefeller cando coñeceu a Carmen Primo de Rivera, unha tarde no verán de 1929, perto da Fuente de Gándara.

Como un recordo aos seus enamorados máis ilustres, Mondariz celebra desde hai anos un San Valentín especial. Unha celebración que ten a súa cita particular cun programa termal en parella, sesións de spa ao luar, cavaterapia como novo programa á carta, unha cea amenizada por piano e violín nos que se recuperarán os menús históricos do Grande Hotel.



## Relax ao luar

O Palacio da auga de Balneario en Mondariz convértese para San Valentín nun espazo “chill out” que combina terapia termal, música ambiente e o aroma das noites galegas nun entorno natural privilexiado

**M**úsica, termalismo, aromaterapia...nun ambiente “chill out” a partir do solpor, ata a medianoite, no Palacio da Auga de Balneario de Mondariz. Relax ao luar para San Valentín que combina a piscina multifunción, de trescentos metros cadrados de lámina de auga, cunha zona zen onde unha piscina de auga quente e unha sauna seca ao aire libre achégannos ata unhas magníficas vistas da Fonte de Gándara, o Grande Hotel e os seus xardíns centenarios.

Un baño debaixo da grande cúpula de cristal que se abre ao ceo estrelado galego e ao descanso de espírito e corpo. Unha luz especial que acompaña aos bañistas na zona de contracorrente, baixo a grande lámina de cascada ou nun ambiente casi íntimo nas mini piscinas de hidromasaxe. Unha noite na que se combinan sons, sensacións e luz, onde a forza da Maxia da Auga da vila termal xoga da man dos

contos e lendas dos tempos de esplendor do balneario, na “Belle Epoque”.

Camas de auga, asentos de hidromasaxe, zonas de burbullas, túnel de chorros, corredor contracorrente, chorros verticais, chorros de hidromasaxe a distintas alturas nun percorrido polas noites de inverno, no corazón da Galicia meiga gracias a un centro lúdico termal de 3.000 metros cadrados de superficie. No exterior, pódese disfrutar doutra pequena piscina de auga quente e dunha sauna seca ao aire libre onde se poden sentir os beneficios da nosa auga mineromedicinal e o contraste das diferentes temperaturas ambientes. A instalación compléméntase coas preceptivas zonas de vestiarios, aseos, recepción e un amplo ximnasio. O Palacio da Auga –ao igual có actual balneario, o campo de golf e o restaurante– está aberto tanto para os clientes do noso hotel como para os que non están aloxados.



## A liña cosmética Mondariz

A ausencia de conservantes convencionais, fai da liña de produtos cosméticos de Mondariz a elección perfecta para coñecedores que aprecian “o natural” como parte importante e fundamental da saúde presente e futura.

Mondariz preséntanos o seu set especial de beleza corporal composto por xel peeling ducha exfoliante, leite corporal hidratante reafirmante e xel anticelulítico.

Todos os produtos deste set e da liña en xeral, combinan auga mineral medicinal, sales minerais, aceites esenciais e ingredientes naturais, propiciando excelentes resultados tanto na liña cosmética coma na liña de baño. As fórmulas son de grande pureza e os compoñentes son obtidos dunha forma natural para proporcionar ao cliente harmonía e beleza.

Debemos ter presente que os sales minerais da auga de Mondariz fortalecen a pel contra o estrés, melloran as súas capacidades protectoras e restauradoras e disminúen os sinais máis prematuros do envellecemento.



P.V.P: 80 €  
Pódese adquirir por teléfono: 986 656 156  
ou a través da páxina web: [www.balneariodemondariz.com](http://www.balneariodemondariz.com)  
na sección tenda.

## Exquisito tratamento de cava

■ En Balneario de Mondariz ofrecémoslle a posibilidade de realizar un tratamento especial de cava e darse un capricho, durante calquera escapada ás súas fastuosas instalacións termais.

Un novo mundo de inéditas sensacións que conducen ao benestar total. Porque está demostrado que o efecto antioxidante do cava radica na variedade de sustancias fenólicas que contén.

Aínda que algunhas destas sustancias non se teñan identificado, poden actuar de forma sinérxica, potenciándose unhas ás outras, co que o efecto antioxidante deste produto se potencia. Ademais é utilizado para proporcionar á pel unha luminosidade e hidratación extras.

A vitamina C ou ácido ascórbico que conteñen as uvas é un potente antioxidante que interacciona neutralizando numerosos radicais libres.

Estamos a falar dun tratamento corporal indicado principalmente para rexenerar a pel de todo o corpo cun elemento tan antioxidante como o cava. Este

tratamento está indicado para dar luminosidade á pel e unha hidratación extra, nesta época do ano.

### O TRATAMENTO CONSTA DE TRES FASES

1. Peeling corporal suave.
2. Baño individual de concentrado de extracto de cava formado por aceite de semente de uva e o seu néctar.
3. Aplicación dunha máscara corporal ao extracto de cava.

Duración total do tratamento: 1 hora de pracer e relaxación entre burbullas. O tratamento de cava combina as propiedades beneficiosas dos ingredientes da uva co relax e benestar que proporcionan os diferentes tratamentos realizados con esta fruta.

## Programa especial parellas

■ Seduce a túa parella cun día inolvidable no Balneario de Mondariz !

Con este programa poderás disfrutar dunha xornada de descanso coa túa parella ademais de sorprendela, ao mesmo tempo que mimades o voso corpo. O tratamento para parellas está composto polos seguintes servizos:

### CIRCUITO CELTA

- Ducha Efecto peeling para retirar as células mortas do corpo e preparar a pel
- Baño colectivo interior de efecto relaxante
- Sauna húmida para eliminar toxinas
- Aplicación tonificante de auga a presión
- Baño colectivo relaxante exterior para finalizar esta parte do tratamento

### MASAJE CELTA COMPLETO

- Exquisita combinación de masoterapia e pedras quentes

Esta curta e romántica cura de saúde, proporciona benestar ao corpo, manteno a punto e ao mesmo tempo regala diversión e pracer na parella

A duración total deste programa é de 2:30 horas





# Tocha da liberdade e da paz

Há 70 anos, por estes dias, crescia a esperança e a confiança entre as forças da Resistência e os Povos de que era possível derrotar o nazi-fascismo e concretizava-se o princípio do fim da 2ª Guerra Mundial. Uma guerra que deixaria uma Europa em ruínas, 50 milhões de mortos e o horror dos campos de concentração nazis onde foram barbaramente assassinados milhões de pessoas inocentes, homens, mulheres e crianças.

**E**m Portugal, a ditadura de Salazar inspirava-se no regime de Mussolini e Hitler: partido único, censura, interdição dos sindicatos, polícia política, repressão, prisões e tortura de todos os que lutassem pela liberdade. Perante a guerra fingia neutralidade, mas depois de ajudar os franquistas na guerra civil espanhola, fornece a Alemanha de produtos alimentares, tecidos, volfrâmio, enquanto o povo



português sofre o racionamento e a fome. Só quando a vitória dos Aliados se aproxima é que vai mudando a sua posição. Apesar disso, decretou 3 dias de luto nacional



pela morte de Hitler.

E necessário que os que não sabem ou já esqueceram, conheçam e se lembrem. PARA QUE NUNCA MAIS ACONTEÇA!

Quando se acen- tuam na Europa e

no Mundo intensos desequilíbrios económicos, enormes injustiças e

regressões sociais com ingerências, focos de tensão e

xenofobia, é preciso, é urgente A DEFESA DA PAZ !

**PORTO** | **29 JANEIRO**  
**PRAÇA DA LIBERDADE** | **17H30**  
**CLUBE DOS FENIANOS PORTUENSES** | **18H00**

de guerra e se desenvolvem expressões de nacionalismos, fundamentalismos, racismo e

A FIR – Federação Internacional de Resistentes, onde a URAP está filiada, celebra o 70º Aniversário do Fim da Guerra com a passagem por vários países da Europa da TOCHA DA LIBERDADE E DA PAZ, terminando na ci-

dade de Berlim no mês de Maio.

Em Portugal, o Porto receberá esta iniciativa no próximo dia 29 de Janeiro.

A URAP (com o apoio da Universidade Popular do Porto,



Associação dos Jornalistas e Homens de Letras do Porto, Unicepe, Cooperativa Arvore, União de Sindicatos do Porto e o Conselho Português para a Paz e Cooperação) convida TODOS a participarem no acto simbólico de recepção da Tocha, no Porto, às 17,30 horas, na Praça da Liberdade, seguindo-se uma Sessão Pública evocativa no Clube dos Fenianos Portuenses, com intervenções de Viale Moutinho, jornalista e escritor e Marília Villaverde Cabral, presidente da URAP.



Tlf.: 986 65 80 18  
 Fax: 986 65 82 69  
 Móbil: 608 88 01 23

Chan da Salgosa. Oleiros  
 Salvaterra de Miño

## Aridos do Mendo, s.l.



*Aridos e Formiçóns*

## Deputación da Coruña

Forma parte do proxecto Práxide que desenvolve a institución provincial para favorecer as condicións de empregabilidade da mocidade

# A Deputación da Coruña selecciona aos últimos dez beneficiarios das bolsas Leonardo da Vinci

■ Estes días estase entrevistando aos candidatos que pasarán 12 semanas en Francia, Italia ou Alemaña

■ O vicepresidente responsable da área de Promoción Económica e Emprego, Antonio Cañas, deulles á benvida á súa chegada á Deputación

■ A bolsa sufraga tanto os gastos de desprazamento, coma o aloxamento e as prácticas

A Coruña, 20 de xaneiro de 2014.- A Deputación da Coruña remata hoxe a selección de candidatos para a última fase das becas Leonardo da Vinci que concede a institución provincial, como parte do seu programa Práxide.

Se nesta edición foron un total de 30 bolsas as que contemplaba conceder a institución provincial, onte e hoxe estase realizando a preselección dos últimos 10 candidatos que gozarán dunha estancia de 12 semanas en Amiens (Francia), Barcellona Pozzo di Gotto (Italia) ou Friburgo (Alemaña). Nesta

última fase do programa houbo 72 persoas apuntadas que, ademais dunha entrevista persoal, tiveron que superar tamén probas de coñecemento de idioma. O vicepresidente segundo e responsable da área de Promoción Económica e de Emprego da Deputación, Antonio Cañas, encargouse de dar a benvida aos candidatos que chegaron á sede provin-

cial. O deputado animounos para superar tanto o proceso de selección coma a estadía noutro país no caso de ser seleccionado. As primeiras dúas semanas no estranxeiro, os bolseiros recibirán un curso de idiomas e de preparación cultural e pedagóxica e o resto do tempo realizarán prácticas en empresas do país de destino.

A bolsa inclúe os gastos de desprazamento de ida e volta, o aloxamento, o curso de linguaxe e "pocket-money" mensual para dietas e gastos que poidan ter os bolseiros.

### Proxecto Práxide

O programa Práxide da Deputación pretende mellorar as condicións de empregabilidade dos participantes a través da súa aproximación á realidade laboral coa posta en práctica dos coñecementos adquiridos durante a súa formación e facilitando o coñecemento doutro idioma.

Entre os requisitos para optar a estas prazas, está ter entre 18 e 30 anos, ter unha titulación nun ciclo medio, superior ou estudos universitarios e ter coñecementos de inglés e do idioma do país de destino.



O presidente da Deputación inaugurou xunto ao alcalde Manuel Rivas o novo local que a Cruz Vermella ten na Barcala

## Diego Calvo gaba ao concello de Cambre polo seu traballo en mellorar os servizos asistenciais



■ A institución provincial mantén unha estreita colaboración con esta entidade á que recentemente entregou unha embarcación en Sada e, en breve, fará entrega tamén de dúas ambulancias en A Coruña e Ferrol



■ O titular provincial agradeceu á Cruz Vermella o traballo que desenvolve en toda a provincia

■ Cruz Vermella poderá incrementar os servizos que ofrece aos usuarios grazas a este novo local de 150 metros cadrados, que abrirá as súas portas ao público o xoves



## Tomiño e Cerveira

# Tomiño e Cerveira debaten o futuro do río Miño

**O primeiro grupo de traballo celebrouse coa participación de institucións, organismos e colectivos relacionados co río**

■ Dentro da Axenda Estratéxica para a cooperación transfronteiriça Cerveira-Tomiño 2014-2020, presentaron os grupos de discusión e debate organizados co fin de formalizar o traballo que xa desenvolven en conxunto ambos os concellos e delinear outros investimentos, para unha maior integración dos municipios na Euro-Rexión.

Coa presenza do presidente da Cámara de Vila Nova de Cerveira, Fernando Nogueira; o tenente de alcalde do Concello de Tomiño, Uxío Benítez; o director do CEER (Centro de Estudos Euro Rexionais) e ex-director xeral para o Turismo da Xunta de Galicia, Rubén Lois, e o director do Aquamuseu de Cerveira, Carlos Antúnez (os dous últimos en calidade de moderadores), inauguráronse os grupos de traballo temáticos, a partir dos cales elaboraranse proxectos concretos, que poderán sustentar a presentación de candidaturas comúns aos fondos comunitarios, orientados principalmente ao Programa de Cooperación Interreg V. A España-Portugal (POCTEP), 2014-2020.

A poñente deste primeiro grupo foi Ana Paula Xavier, coordinadora de "Adriminho".

Deste xeito, o primeiro grupo de traballo (Focus Group 1. "O río Miño coma recurso a potenciar"), celebrouse nos locais do Aquamuseu do Río Miño (Vila Nova de Cerveira).

A primeira reunión da axenda estratéxica contou cunha nutrida representación dos distintos sectores, institucións, asociacións e colectivos que gardan relación co río Miño; coma Confederación Hidrográfica, Mariña, pescadores, clubs deportivos, asocia-

cións ecoloxistas e membros dos gobernos municipais da zona, os cales trataron temas coma a promoción conxunta do territorio, elementos culturais comúns, natureza, medio ambiente, oferta turística, etc.

Neste primeiro grupo de traballo, os participantes debateron sobre temas de interese relacionados coa explotación sustentable do río e as súas perspectivas de futuro, sinalando a necesidade de coordinar as accións que se desenvolven dende os diferentes sectores e organismos, para un desenvolvemento máis equilibrado dos recursos naturais.

A segunda cita (Focus Group 2. "Mobilidade transfronteiriça e desenvolvemento territorial"), terá lugar o 20 de novembro ás 10.30 horas, no Centro Goianés (Goián. Tomiño).

O terceiro encontro (Focus Group 3. "Xestión compartida dos servizos públicos locais") celebrouse na Biblioteca Municipal de Vila Nova de Cerveira. Finalmente, o día 4 de decembro, ás 10.30 horas, celebrarase o cuarto e último foro (Focus Group 4. "Desenvolvemento económico"), na Casa da Cultura de Tomiño.

## Acordan traballar nunha xestión compartida da piscina municipal e da escola de música

**O terceiro Focus Group da Axenda estratéxica para a cooperación transfronteiriça centrouse en dar a coñecer os equipamentos e servizos públicos locais das dúas localidades**

Os municipios fronteirizos de Tomiño e Vila Nova de Cerveira, traballarán para facer posible unha xestión compartida de servizos públicos, coma a piscina municipal (Cerveira) ou a Escola de Música (Tomiño).

Dentro da Axenda estratéxica para a cooperación transfronteiriça Cerveira-Tomiño 2014-2020, celebrouse o terceiro grupo de traballo (Focus Group 3), arredor do tema "Xestión compartida dos servizos públicos locais". Á reunión tivo lugar na Biblioteca Municipal de Vila Nova de Cerveira e estivo presidida polos rexedores de ambos os municipios, Fernando Nogueira (Cerveira) e Sandra González (Tomiño).

Asemade, asistiu unha nutrida representación de distintas entidades locais de das dúas vilas, coma centros educativos de distintos niveis, asociacións culturais, deportivas, veciñais, xuvenís, de persoas con discapacidade, etc.; forzas de seguridade e técnicos dos dous concellos, interesados en facer unha posta en común das necesidades e recursos de cada quen, co fin de contribuír a unha maior integración dos municipios na Euro-Rexión, e ao deseño de proxectos conxuntos que poidan presentarse ás convocatorias de programas europeos.

Abordáronse temas coma a necesidade de solventar problemas burocráticos de permisos e autorizacións legais, para poder

organizar actividades entre as comunidades educativas das dúas localidades, ou a importancia de planificar de forma coordinada accións culturais, comerciais, de promoción do patrimonio, de eliminación de barreiras arquitectónicas, etc.

Asemade, abordouse unha vez máis, o proxecto de construción dunha pasarela sobre o río Miño, que una os parques do Casteliño (Cerveira) e Espazo Fortaleza (Goián. Tomiño); proxecto que apoian ambos concellos e sobre o que os arquitectos da Escola Gallecia están a traballar.

Entre os asistentes atopábase Clara Cid Bengoa, estudante de Enxeñaría de Camiños da Universidade de A Coruña, que está a desenvolver o proxecto, coma traballo de fin de carreira. A técnica explicou que o que a levou a elixir este tema, foi a proximidade e situación estratéxica dos municipios de Tomiño e Cerveira; condicións ideais para unha actuación coma a prevista. Durante o debate, os participantes coincidiron na necesidade de crear medios de transporte de cercanía, por exemplo autobuses ou un taxi boat (só para peóns) que substitúa o antigo ferry e permita unha comunicación máis fluída entre a xente de ambas marxes.

Coordinar as accións culturais, de contacto coa natureza, festas, etc., foi outra das prioridades detectadas, así como unha explotación e xestión compartida dos recursos de cada municipio (piscina municipal, escola de música municipal, etc.)

Outro ámbito no que se acordou

traballar de maneira conxunta é o do voluntariado; tema máis desenvolto no lado galego, ao parecer, polo que a concelleira de Cultura de Cerveira, propuxo aproveitar a experiencia dos veciños tomiñeses, lembrando a importancia de planificar de forma coordinada accións culturais, comerciais, de promoción do patrimonio, de eliminación de barreiras arquitectónicas, etc.

O terceiro Focus Group tivo lugar en novembro, na Biblioteca Municipal de Vila Nova de Cerveira. O tema desta 3ª reunión foi, precisamente, a "Xestión compartida dos recursos públicos locais", e tivo coma poñente principal a Heitor Gomes, director adxunto de CEDRU, actuando coma moderadores, Elizabet Pérez, técnica de Cultura e Voluntariado do Concello de Tomiño, e Bruno Caldas, coordinador proxecto Protección Civil CIM Alto Miño. Finalmente, o día 4 de decembro, celebrouse o cuarto e último foro (Focus Group 4. "Desenvolvemento económico"), na Casa da Cultura de Tomiño.

O programa metodolóxico destes encontros ou "focus group" desembocará na celebración das I Xornadas Amizade Cerveira-Tomiño, no vindeiro mes de febreiro.

Máis información na web amizade-cerveira-tomino.eu ou enviando un correo a comunicacao@amizade-cerveira-tomino.eu



## O desenvolvemento económico centra o debate do cuarto “Focus Group” celebrado entre Tomiño e Cerveira



■ No marco da Axenda Estratéxica para a Cooperación Transfronteiriza Cerveira-Tomiño 2014-2020, impulsada polos municipios fronteirizos de Tomiño e Vila Nova de Cerveira, celebrouse último “Focus Group” organizado conxuntamente baixo o título de “Desenvolvemento Económico. Sectores con potencial de colaboración; emprego e emprendemento”.

O encontro, no que participaron empresarios e técnicos de distintos sectores económicos (produtores de planta ornamental, flor cortada, kiwi, vide; asesorías, servizos, comercio, etc.), estivo presidido polos rexedores locais de ambos os municipios, Fernando Nogueira (Cerveira) e Sandra González (Tomiño), tivo coma poñente a Xavier Martínez Covas, profesor de Economía Aplicada da Universidade de Vigo, e coma moderadores a Patricia Rodríguez (Asociación Cultivos Baixo Miño) e Luís Ceia (CEVAL).

Os asistentes tentaron facer unha posta en común das necesidades e recursos de cada concello, co fin de contribuír a unha maior integración dos municipios na Euro-Rexión, e ao deseño de proxectos conxuntos que poidan presentarse a convocatorias de programas europeos.

Neste cuarto e último encontro, abordáronse temas coma a necesidade de coñecer mellor a normativa en materia empresarial que rexe dun e doutro lado da fronteira; trámites necesarios para novos emprendementos comerciais, requisitos económicos, fiscais, etc. Neste punto púxose de manifesto a necesidade de solventar previamente problemas burocráticos e legais que existen na actualidade, e dificultan unha maior relación comercial e empresarial.

O poñente, Xavier Martínez Covas, profesor de Economía Aplicada da UVigo, propuxo aproveitar a experiencia de ambas as localidades, así coma afianzar as relacións entre os técnicos de emprego e desenvolvemento dos dous municipios, de xeito que estes poidan informar ás persoas interesadas en establecer un negocio a normativa vixente, tanto en Galicia coma en Portugal.

O programa metodolóxico destes encontros desembocará na celebración das I Xornadas Amizade Cerveira-Tomiño, no vindeiro mes de febreiro.

Máis información na web amizade-cerveira-tomino.eu ou enviando un correo a comunicacao@amizade-cerveira-tomino.eu

## Tomiñenses e cerveirenses traballan no deseño de proxectos comúns que servirán de base a candidaturas a programas europeos

As conclusións dos grupos de traballo celebrados recentemente serán presentadas no primeiro trimestre de 2015 coa organización das I Xornadas da Amizade

**T**omiño e Vila Nova de Cerveira continúan traballando en proxectos que lles permitan dar forma a unha candidatura común a programas europeos de desenvolvemento.

Tras a celebración de catro Focus Group celebrados en novembro e decembro do pasado ano, para a definición da Axenda Estratéxica para a Cooperación Transfronteiriza Cerveira-Tomiño 2014-2020, os responsables de ambos os municipios seguen a traballar mancomunadamente.

Nesta liña, atópase a reunión mantida en Tomiño entre os alcaldes Sandra González e Fernando Brito Nogueira, co fin de analizar as áreas prioritarias de cooperación, e adiantar as conclusións dos grupos de traballo que serán presentadas no primeiro trimestre de 2015 coa organización das I Xornadas da Amizade.

Os mandatarios informaron na oportunidade de

cerca de dous centenares de representantes de 70 entidades, asociacións e empresas portuguesas e galegas, participaron, entre novembro e decembro, nos catro Focus Group para a definición da Axenda Estratéxica para a Cooperación Transfronteiriza Cerveira-Tomiño 2014-2020. Encima da mesa estiveron temas moi específicos coma “O Río Miño como recurso común a potenciar”, “Mobilidade Transfronteiriza e Desenvolvemento Territorial”, “Xestión compartida dos servizos públicos locais” e “Desenvolvemento económico”.

As sesións, de carácter informal, superaron todas as expectativas, cunha media de 50 inscricións, resultando nunha posta en común de ideas e na exposición de preocupacións actuais, compartidas por ambos os municipios.

Organismos da Administración Central e Rexional, institucións de ensino, asociacións deportivas culturais e musicais, empresariais, de pescadores; entidades de turismo, institucións transfronteirizas, autoridades policiais, profesores e investigadores, particulares. A transversalidade de representantes presentes xerou momentos de debate moi frutíferos, fomentando un sentimento de cohesión social e potenciando a colaboración futura en novas áreas.

Tendo como enfoque as vantaxes existentes no desenvolvemento conxunto dun programa, os asistentes traballaron para identificar as potencialidades dos dous concellos, que poderían outorgar un carácter único a un proxecto de cooperación transfronteiriza que deu os primeiros pasos, formalmente, no mes de xuño pasado, coa sinatura da Carta da Amizade.

O programa para a definición da Axenda Estratéxica para a Cooperación Cerveira-Tomiño culminará no primeiro trimestre de este ano, coa realización das 1as Xornadas Amizade Cerveira-Tomiño, nas cales serán presentadas as conclusións dos catro Focus Group e os proxectos prioritarios a desenvolver, e que servirán de base á presentación dunha candidatura

común ao POCTEP, 2014-2020.



# Filosfía da Fundación Vicente Risco

A Fundación Vicente Risco constitúese o 12 de abril de 1995 polo pulo do fillo do intelectual e polígrafo ourensán, Antón Risco na altura profesor na Universidade de Laval no Canadá francófono. Universidade na que Antón desenvolve un importante labor docente e investigador no eido da Literatura Fantástica

Por Luís Martínez-Risco Daviña

**A** Fundación Vicente Risco constitúese o 12 de abril de 1995 polo pulo do fillo do intelectual e polígrafo ourensán, Antón Risco na altura profesor na Universidade de Laval no Canadá francófono. Universidade na que Antón desenvolve un importante labor docente e investigador no eido da Literatura Fantástica. Antes de proseguir, unha cuestión que moitos visitantes preguntan é o por qué da sede da en Allariz. O que ten sinxela resposta. Don Vicente casa en Allariz con dona María del Carmen Fernández, e na casa petrucial da súa dona é na que nacen os seus fillos. Entre eles Antón e María Jesús, actual

presidenta dende o pasamento de Antón un 7 de febreiro de 1998.

No seu desexo de crear unha Fundación que custodiase o legado (material e inmaterial) do seu pai, contou Antón coa complicidade do Concello de Allariz, e o apoio institucional, e non só institucional, de entidades como a Deputación de Ourense, Xunta de Galicia, Concellos de Allariz, Castro Caldelas e Ourense, así como o das tres universidades galegas. E esta custodia non se refire só á variada, interesante, complexa e dispersa documentación que a familia conserva de don Vicente, e á que debemos engadir xenerosas doazóns como as re-

alizadas por Francisco Galán, Olegario Sotelo Blanco, Pepelino Vázquez-Monxardín Blanco, que aos poucos permiten que a Fundación complete os seus fondos documentais. Tamén custodia o fondo documental do propio Antón Risco. Uns fondos complexos, constituídos polas súas bibliotecas, traballos, manuscritos, mecanuscritos, traballos de alumnos, fondos fotográficos, plásticos, ... E que, paseniño, están a ser catalogados, rexistrados e dixitalizados para pór a disposición dos investigadores e estudos. Está é a principal obriga da Fundación: custodia, conservación e facilitar o acceso a investigadores. Labor lento, ingrato, pesado, que semella non rematar nunca; mais que algunha satisfacción dá cando podes facilitar o traballo de investigación de calquera estudo.

Mais alén deste aspecto máis arquivístico, a Fundación Vicente Risco ten outras liñas de actuación, - dende as máis puramente académicas ás máis de base (nestas últimas nas que a infancia ten un lugar salientábel) -, que teñen unha mesma filosofía: non se deter no emboigo de don Vicente e afondar naqueles eidos que el gustaba. O cal, tendo en conta a curiosidade intelectual que caracterizou ao gran intelectual galego. Ao longo destes anos, dende a Fundación Vicente Risco impulsáronse cursos de verán, seminarios, simposios, mesas redondas, charlas, premios, ... Actividades dende as que se abordaron problemas políticos actuais, económicos, pedagóxicos, filosóficos, a arquitectura e os espazos comúns, antropolóxicos, históricos, literarios, artísticos, procurando sempre a maior interdisciplinabilidade posíbel. Unha actividades que non limitamos a Galiza, nin a temas

considerados exclusivamente galegos. Queremos ser fieis á filosofía risquiá de que Galiza é un mundo enteiro, e que ten a obriga de contribuír á civilización universal. Polo que apostamos dende Galiza ao diálogo con outras culturas, e como Galiza entendemos o Norte de Portugal como a extensión natural.

Mais tamén somos consciente de que apoiando e recibindo apoios, podemos chegar máis lonxe. Neste senso, para nós é importantísima a estreita relación que

dende hai uns tres anos mantemos co pequeno e mediano empresariado de Allariz e outras partes da Galiza. Alén do soporte económico, maior ou menor, en metálico ou servizos, o seu apoio é clave para poder desenvolver e divulgar os nosos proxectos de cultura de base. Sen esa complicidade non serían posíbeis presentacións de libros, concertos, exposicións, cine, teatro, recitados de poesía, animación á lectura (neste senso salienta o Clube de Lectura Alveiros) excursións culturais, actividades de rúa para maiores e pequenos. Fomentando o debate entre artistas e axentes culturais e público, que, ao participar activamente destas actividades, pasan a se converter nuns axentes culturais máis. A cultura e o lecer. O convívio disertando cun viño. Unha forma de facer cultura. E

pensamos que don Vicente estaría orgulloso de ver como a cotío, cada vez con maior regularidade, a sede da Fundación que leva o seu nome convértese nun ente vivo, recuperando as alegrías que antano caracterizaron a casa da súa dona cando amigos e familiares enchían con xogos e fiadeiros os tempos de lecer.

E non esquecemos as actividades para os máis cativos. Xa o dicía don Vicente, eles son o futuro da nosa Terra. É por iso que gustamos de que se achen e "tomen" o espazo coa naturalidade que lles permita sentilo coma un espazo propio, querido. Eses lugares que de vellos lembramos como un lugar que referencial da infancia, desa época na que descubrimos o mundo. E que parte desa descuberta sexa a Galiza que soñou Vicente Risco.



# Ponteareas, vila do Corpus

## Festa do Corpus Christi: Festa de Interese Turístico Internacional

**A** vila de Ponteareas, ou Vila do Corpus, é coñecida mundialmente pola celebración da festividade de Corpus Christi, onde os veciños confeccionan para o paso da procesión do Santísimo Sacramento artísticas alfombras de flores naturais. Ponteareas é un referente internacional na arte da confección de alfombras florais e a súa tradición é das máis antigas do mundo. Está documentado que alá polo 1857 xa era un costume arraigado entre

ou hortensia, efluvios florais que nunca se esquecen. Tras este traballo silencioso e desinteresado dos alfombristas, á noite do sábado de Corpus, milleiros de persoas en todo o centro urbano traballan na elaboración das alfombras florais ao longo dos tres quilómetros do percorrido da procesión do Santísimo. Estas tarefas reúnen a todos os veciños, desde nenos a avós, nun exemplo de colaboración dificilmente igualable, traballando

dón en 2009 coa declaración da festa do Corpus Christi de Ponteareas como Festa de Interese Turístico Internacional.

Este recoñecemento oficial foi un dos motivos que levou ao Concello de Ponteareas a organizar en 2010 o III Congreso Internacional de Arte Efémere e no que Ponteareas tivo a maior proxección de toda a súa historia a nivel internacional e no que se reuniron en Ponteareas delegacións de varias cidades de todo o mundo, como de Alemaña, Xapón, México, Perú, Portugal ou Tíbet, e dentro da xeografía española a representantes de Arucas, Carrión de los Condes, Castropol, Cataluña, Celanova.

Mención especial ten en Ponteareas a alfombra confeccionada polos irmáns de La Orotava (Tenerife), vila canaria á que nos une un lazo de irmandamento desde hai máis de 30 anos, grazas ao vínculo común da confección de alfombras na honra do Corpo de Deus.

Para dar a coñecer a súa tradición máis senlleira, o Concello de Ponteareas, ao longo dos tempos, leva difundido o Corpus Christi en varios lugares tanto da xeografía española



■ Visita do Papa a Santiago de Compostela en 1982

os seus veciños a colocación de elementos vexetais para o paso do Santísimo, polo que esta manifestación artística estímase que ten que ser anterior. No domingo de Corpus máis de vinte alfombras, 22 tapices no ano 2014, enchen as rúas e prazas de Ponteareas, nunha profusión de colorido, creatividade e beleza que enfeitizan a propios e visitantes, tanto pola arte floral conseguida nos deseños creados con flores, como polas sensacións visuais e olfactivas que os embargan. O proceso de elaboración das alfombras comeza moitos días antes do Corpus Christi. Ao longo de máis dun mes realízanse as tarefas de recollida dos distintos materiais vexetais que se empregarán no seu posterior esfolamento, que cada día xunta a centos de veciños nos portais de cada unha das alfombras. Días interminables de traballo, de renuncia ao tempo libre, para conseguir que, folla a folla, pétalo a pétalo, se coordinen para conseguir formas e deseños maravillosos, que conforman a gran alfombra floral en que se transforman as rúas de Ponteareas, como ofrecemento de fe e de amor para o paso do Santísimo polas rúas engalonadas, recendentes de aromas inesquecibles a fiúncho, árnica, rosa

arreo para a consecución dun fin común, traballando durante toda a noite para que, despois da misa solemne, as alfombras acollan o paso relixioso. Ao longo da procesión desenvólvese un dos momentos máis emotivos da festa, coñecido como a "Batalla de Flores", que se produce cando a choiva de pétalos acariña e rocía o Santísimo no seu paso procesional. Esta importante mostra do patrimonio inmaterial galego vén recibindo ao longo da súa historia mencións e recoñecementos á súa grandeza e singularidade, como Festa de Interese Turístico en 1968 e Festa de Interese Turístico Nacional en 1980, obtendo o seu último galar-

como do estranxeiro, así como co gallo de acontecementos relevantes. Entre estes últimos, pódense citar a alfombra confeccionada na Praza do Obradoiro co gallo da primeira viaxe da Súa Santidade O Papa Xoán Paulo II a España en 1982, a realizada na súa honra na Praza de Santa Ana no Vaticano en 1983, a confeccionada no ano 2010 na visita da Súa Santidade O Papa Bieito XVI por mor do ano Xacobeo ou a plasmada na Vía da Conciliación, en Roma no 2014, onde milleiros de visitantes de todas as nacionalidades e veciños de Roma pui-

deron apreciar un exemplo das maravillosas alfombras florais confeccionadas polos veciños de Ponteareas.

O Concello de Ponteareas ten como obxectivo primordial e esencial a difusión e o coñecemento do Corpus tanto dentro como fóra de España e así todos os anos está presente nos distintos congresos internacionais de arte efémere que se levan a cabo en diferentes países do mundo e, ao mesmo tempo, para lograr esta internacionalización da súa festa, o concello convida desde hai anos a delegacións estranxeiras, que participan da tradición na confección de alfombras, para que coñezan a nosa celebración e participen coa elaboración dunha pequena mostra da súa arte. Así, desde hai varios anos acompañanos Monçao e cada ano visítanos unha delegación dun país diferente. Así, recentemente no ano 2014 Ponteareas tivo a sorte de contar cunha delegación de Polonia e no vindeiro Corpus Christi 2015, será Tokio (Xapón) quen deixará a súa impronta e virá enriquecer o alfombrado ponteareá.



## Historia

# Gallaecia

A Gallaecia foi unha unidade xeográfica conformada no Alto Imperio Romano cos conventus xurídicos Astur e Bracarense. A orixe do termo ten que ver cos kallaicoi, pobo que no século II a.C. habitaba os territorios ao norte do Douro, un privilexiado entorno sucado por vías fluviais e marítimas no que destacaba o enclave de Cale (o actual Porto). Segundo Plinio o Vello alí vivían os caleci o gallaeci; de aí derivan os topónimos Gallaecia (Galicia) ao norte e Porto Cale (Portugal) ao sur.



Por Anxo Serafin Porto Ucha & Raquel Vázquez Ramil

**T**ras as campañas de Décimo Xunio Bruto (137 a.C.), Craso (96-94 a.C.), Perpena (74 a.C.) e Xulio César, que chegou por vía marítima ata Brigantium (61-60 a.C.), o termo aplícase a unha rexión máis extensa, que abrangue a totalidade do noroeste da Península Ibérica. Os romanos non conquistaron definitivamente a Gallaecia ata as campañas de Augusto nas Guerras Cántabras (29-19 a.C.), que culminaron na batalla do Monte Medulio e a conseguinte declaración da Pax Romana no ano 23 a.C.

O esforzo militar feito polos romanos presupón unha férrea resistencia dos pobos indíxenas e unha forte cohesión da cultura castrexa precedente, inmersa nun proceso de integración política malia a súa fragmentación territorial e a falla dunha verdadeira conciencia étnica, pois aos elementos autóctonos, había que sumar os centroeuropeos de raigame céltica, os mediterráneos e os ibéricos, que poboaron a zona na Idade do Ferro. Logo da conquista, os romanos organizaron o territorio administrativamente, establecendo tres novas cidades: Bracara Augusta (Braga), Asturica Augusta (Astorga) e Lucus Augusti (Lugo), capitais, respectivamente, dos conventus xurídicos Bracarense, Astur e Lucense. O emperador Vespasiano declarou no século I d.C. *populus romanus* aos máis de catrocentos mil habitantes da Gallaecia, dándolle un forte pulo á romanización da zona. Xa en tempos de Diocleciano, no século III d.C., a Gallaecia esten-



■ Muralla de Lugo

deuse ao conventus Cluniacense, dende o Cantábrico ao Douro e do Atlántico ata as actuais Soria e Segovia. Daquela a capital estaba en Braga.

O proceso romanizador de Gallaecia foi tépedo no Alto Imperio, conservándose moitas estruturas da Idade do Ferro. O que lle interesaba a Roma, unha vez organizado o territorio dentro do seu esquema administrativo, era garantir a paz interna, recrutar soldados para o seu exército e explotar



as minas, fundamentalmente as de ouro das Médulas (León), de Vallabelleiro (Grandas de Salime), de Chaves (Portugal), as das concas fluviais do Sil, Miño, Eo, Navia e Ibias, as de estaño das Casitérides (identificadas coas illas Cíes e coñecidas dende a Idade do Ferro), e outros minerais como o chumbo, o ferro, o zinc e a prata. As minas da Gallaecia eran propiedade do emperador, e as administraba un procurador que residía en Asturica Augusta. Os métodos

de explotación mesturaban técnicas indíxenas, como no caso das áreas fluviais auríferas, coas escavacións a base de quebrar o cuarzo aurífero, ou a ruina montium, que consistía en derrubar masas de arxila que contiñan ouro mediante canais e galerías. A forza de traballo das minas integrábanas homes libres, escravos ou os condenados a traballos forzados.

Os romanos deixaron a súa imperial pegada en Lucus Augusta, cidade fundada no ano 15 a.C. por Paulo Fabio Má-

ximo, legado do emperador Augusto, que escolleu o lugar pola súa proximidade a unhas potentes fontes termais para establecer un campamento (oppidum); no século III Lucus Augusta foi durante un tempo capital da Gallaecia. Os romanos rodearon a cidade cas murallas que aínda hoxe se conservan e que constitúen unha imponente manifestación de arquitectura militar. A ponte romana é outro excelente exemplo de construción viaria romana. Non lonxe érguese o castro de Viladóniga, onde é palpable a mestura entre os elementos castrexos e os usos romanos.

Outro enclave romano importante foi Vicus, o actual Vigo, cuxa romanización comezou pronto no século II a.C. debido á súa importancia estratéxica no litoral e ás súas actividades comerciais e fabrís (salgadura). En Vigo consérvase o oppidum do Castro, recentemente recuperado como xacemento de interese histórico, e a vila de Toralla, fermosa vivenda da época baixoimperial situada nunha



■ Torre de Hércules (A Coruña)

zona de praias; soterrada baixo as dunas durante séculos, foi descuberta nos anos vinte do pasado século e recuperada como exemplo de residencia romana da clase adinerada.

Na actual Galicia e no norte de Portugal continúa, a pesar do paso do tempo, a pegada dos romanos en numerosos recunchos, dende exemplos salientables como a Torre de Hércules da Coruña, o faro máis antigo do mundo en funcionamento (data do século II d.C., se ben foi reconstruído na Ilustración), a ponte romana de Ponte Sampaio en Soutomaior, os Baños de Rio-caldo en Lobios, o conxunto de Santa Eulalia de Bóveda ou a villa de Cambre, entre moitos miliarios, pedras, estelas, inscricións e testemuñas do paso dos romanos por Gallaecia e da pervivencia do substrato anterior castrexo, que se mantivo case á altura do imperio en formas de culto e convivencia que analizaremos en sucesivas entregas e que explican o carácter singular do noroeste peninsular.

Lugo está para comérselo!

WWW.LOSPRODUCTOSDELUGO.COM

DEPUTACIÓN DE LUGO

Provet 2

TIC

Lugo España

Universidade

# O CEER, unha ferramenta conxunta na eurorrexión Galicia-Norte de Portugal


A Fundación Centro de Estudos Eurorrexionais Galicia-Norte de Portugal (CEER), é unha entidade sen fins lucrativos, constituída polas universidades de Santiago de Compostela, Vigo, A Coruña, Porto, Minho, Trás-os-Montes e Alto Douro

Entre as principais funcións desta alianza está incluída a procura de sinerxías e complementaridades nos eixos académicos universitarios da eurorrexión, con a finalidade de reforzar as capacidades entre as universidades da Galicia e do Norte de Portugal.


EURORREXIÓN DO COÑECEMENTO E DA INVESTIGACIÓN

Encadradas por este obxectivo xenérico as actividades a desenvolver céntranse nestas liñas:

- 1. Promoción, dinamización e desenvolvemento da investigación interuniversitaria de carácter multidisciplinar na Eurorexión Galicia-Norte de Portugal.
- 2. Programación de actividades docentes, tendo como obxectivo fundamental a formación de especialistas, así como a formación, especialización e reciclaxe de profesionais.
- 3. Realización de relatorios e asesoría técnica en temas de investigación da súa competencia.
- 4. Creación de bases de datos, bibliográficas e documentais de carácter especializado, ao servizo da comunidade científica, nas áreas de investigación propias do Centro.



Organización do CEER



Comunidade académica do CEER

## O CEER DA SERVIZO ÁS UNIVERSIDADES NA CAPTACIÓN DE FONDOS E NA TRANSFERENCIA DE TECNOLOXÍA AO TECIDO EMPRESARIAL

O CEER pretende dar visibilidade e reforzar o papel da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal e considera que a aproximación das Universidades e do potencial científico que elas teñen ao tecido empresarial e á sociedade xeral é un obxectivo prioritario. Consciente das políticas e prioridades definidas no cadro de financiamento comunitario 2014-2020, o CEER diseña as súas accións integradas en eixos susceptibles de captación de orzamentos a nivel rexional, nacional e europeo.

## OS PROXECTOS DO CEER

Na propia web, poden apreciarse enlaces a páxinas web que corresponden a proxectos realizados ou en curso. Por exemplo, o MIGRANET (cofinanciado polo Programa Operativo de Cooperación Territorial do Espacio Sudoeste Europeo-SUDOE 2007-2013, a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional -FEDER- da Unión Europea). Este proxecto propuxo a creación dun Observatorio das poboacións de peces migradores do espazo SUDOE e o seu fin foi configurar unha estratexia de cooperación conxunta entre España, Portugal e Francia na obtención de datos sobre estas especies a longo prazo, para propiciar unha boa xestión para a súa conservación. Outro proxecto financiado con fondos Europeos (por fondos FEDER do programa POCTEP), actualmente en curso, é o BIO-DIV\_GNP, que persegue o coñecemento e a protección da biodiversidade vexetal transfronteiriza ameazada. Este proxecto é unha aposta común entre Es-

paña e Portugal para a conservación da biodiversidade, socializando o coñecemento e creando ferramentas colectivas sin fronteiras, que permitan a participación de diferentes entidades e da sociedade en xeral na información e na protección. Biodiversidade Ameazada (www.biodiversidade.eu) é una plataforma de traballo contra la degradación dos hábitats naturais de Galicia e o Norte de Portugal, unha ferramenta para estudar os desafíos que presenta este territorio e facilitar a creación de novas estratexias con-

xina <http://fceer.org>: Web, con Xornal electrónico, constituído por noticias diariamente actualizadas con acontecementos de interés a nivel de Galicia e o Norte de Portugal. Tamén consta dunha Axenda electrónica, onde se publican eventos académicos (charlas, xornadas, congresos, cursos, etc.), empregos (fundamentalmente relacionados coas Universidades ou empresas con convenios envigor), bolsas de estudos, premios e concursos, etc.

■ **Centro de documentación:** consiste nunha base de datos de artigos e publicacións relacionadas coa eurorrexión. ■ **Revista/boletín de estudos eurorrexionais:** compendio en pdf dos números publicados, con artigos de temática eurorrexional. ■ **Base de datos de grupos de investigación.** Recopilación de fichas de investigadores eurorrexionais e principais liñas de investigación, co obxecto de poñelos en coñecemento da co-

munidade académica, buscar socios potenciais para determinadas convocatorias ou liñas de investimento e crear partenariados conxuntos con para a captación de fondos europeos. Tamén se prevé transferir esta información a empresas de base tecnolóxica que poidan estar interesadas cos resultados destas investigacións.

■ **Formación en liña:** Cursos e seminarios.

## CAMPUS EN REDE DO CEER



■ Páxina de novas do CEER, dende a que tamén se aprecian algunhas das principais seccións.



Se queres elaborar un proxecto para candidatar a fondos nacionais ou europeos en colaboración coas Universidades, cun partenariado sólido podes escribirmos a [santiagotec@fceer.org](mailto:santiagotec@fceer.org)

paña e Portugal para a conservación da biodiversidade, socializando o coñecemento e creando ferramentas colectivas sin fronteiras, que permitan a participación de diferentes entidades e da sociedade en xeral na información e na protección. Biodiversidade Ameazada (www.biodiversidade.eu) é una plataforma de traballo contra la degradación dos hábitats naturales de Galicia e o Norte de Portugal, unha herramienta para estudiar os desafíos que presenta este territorio e facilitar la creación de novas estratexias con-

xuntas de conservación, xestionadas dende ambos lados da fronteira. Outros dos proxectos nos que estamos colaborando son Herm3tica (www.herm3tica.tv), relacionado coa danza e as novas tecnoloxías e financiado polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte; o Programa Iacobus, programa de cooperación cultural, científica e pedagóxica que desenvolve un sistema de intercambio transfronteirizo de profesorado, investigadores e personal administrativo e de servizos de ensinanza superior no

ámbito territorial de Galicia e o Norte de Portugal. Durante este ano 2015, ademais, estamos traballando na elaboración de proxectos para diferentes convocatorias, como Europa cos cidadáns, POCTEP (Programa de Cooperación Transfronteiriza España-Portugal) ou as Axudas á danza, á lírica e á música, do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, polo que animamos aos grupos de investigación e as entidades e empresas que queiran colaborar con eles a contactar con nós para guíalos na elaboración de propostas

## Río Miño / Minho

# O río Miño/Minho: un dos tesouros ambientais de Galicia

Por Francisco Peña Castiñeira

**O río Miño é un dos tesouros ambientais de Galicia e Portugal que é preciso protexer e conservar, pois forma parte do noso patrimonio natural, económico e social, como legado para as xeracións vindeiras**

### Breve referencia do río Miño

■ O río Miño é o máis longo, caudaloso e importante de Galicia, unha vez recibido o seu aluente máis importante: o Sil. Está situado no noroeste peninsular, nace en Fontemiña, nas erras de Meira e na provincia de Lugo. Pasa por Lugo e Ourense, Ribadavia e Tui para ir a desembocar na Guarda entre España e Portugal. No seu tramo final sirve de fronteira entre Galicia e o Norte portugués e conforma o estuario entre a Guarda e Camiña (Portugal). É navegable nos seus últimos 33 kms. ata Tui que queda separada de Portugal (Valença do Miño) polo propio río Miño.

Mide aproximadamente uns 310 kms. E drena unha ampla conca dos 12.000 kms.

Nos seus primeiros 40 kms. De recorrido pola provincia de Lugo (Terra Chá) poden apreciarse paisaxes dunha beleza extraordinaria como son os caneiros e insuas entre os concellos de Rábade e Outeiro de Rei.

Entre Lugo e Ourense forma tres embalses como son os de Belesar, os Peares e Velle. Entre Ourense e a fronteira con Portugal conta con dousw embalses máis, o de Castrelo de Miño e o de Frieira, que conforman unha paisaxe espectacular xunto aos Canons do Sil (un dos lugares máis emblemáticos de Galicia), e as vistas panorámicas da Ribeira Sacra, cos seus estupendos viños con D.O. así como un patrimonio cultural cos antigos monasterios que poden ser visitados na actualidade.

### Fortalezas e potencialidades do río Miño

■ Debemos resaltar que todo o curso do río Miño está declarado Reserva da Biosfera. Na provincia de Lugo, cabe destacar a Reserva da Biosfera Terras do Miño (LIC Parga-Ladra-Támoga). Trátase da primeira Reserva da Biosfera declarada en Galicia, e a segunda máis grande da Península Ibérica, formando parte da Rede de Reservas da Biosfera Mundiais. Na conca alta do Miño hai diversos tipos de ecosistemas acuáticos, que son típicos da rexión bioclimática do Atlántico. Afluentes como o Parga, o Ladra, o Támoga, forman un complexo húmido característico, formado por unha extensa rede de canales, lagoas e terreos asulagados a os que están asociados zonas agrícolas e de pastos, bosques de ribeira, turberas e carballeiras. Esta grande diversidade de hábitat acolle numerosas especies de aves durante o inverno.

O LIC do Baixo Miño forma parte da Rede Natura 2000, Zona de especial protección dos valores naturais e área ZEPA. Está situado ao sur da provincia de Pontevedra, ao suroeste de Galicia, inclúe a parte española do río Miño, coas súas ribeiras dende a presa de Frieira ata a desembocadura.

O tramo do Baixo Miño da lugar a unha ría estreita e con depó-



■ Reserva da Biosfera Terras do Miño

sitos de sedimentos polo que é unha reserva de marismas e estuarios. Cabe destacar que esta zona está sometida a unha certa presión urbanística, cinxética e pesqueira, ao que se suma a contaminación xerada polos residuos

urbanos, que plantea problemas e dificultades para a súa conservación. O río Miño tamén é soporte de actividades deportivas: esquí acuático, piragüismo, vela, etc., e ao seu paso polos distitos municipios é punto de encon-

tro de de lecer, de contacto coa natureza e saúde. Un paseo polas ribeiras do río é delicioso, se ben hai que facer compatible o uso da pesca e importante valor ecolóxico co disfrute destas zonas naturais do río.

■ En relación coa riqueza faunística cabe destacar que en todo o curso do río atópanse peixes como a troita e a angula., ademais de mamíferos como o desmán ibérico e a nutria. No tramo alto atópanse ametidas e ¿sisóns?. Cipridos como cacho, bramédela, boga, e dentro dos ¿gastearástenos? Está o espi-

## Riqueza faunística e florística do río Miño

ñento. O tramo baixo do río Miño acolle en inverno aves acuáticas (porrón mondo, chirleite común e a avefría). Existe unha grande variedade

de peixes (salmón, lamprea marina), así como outras especies como o sáballo, a saboga e a solla. En cuanto á riqueza florística,

no tramo alto atópase unha vexetación formada por bosques aluviais de alisios e frésnos, reboles e arganas. Existe unha gran variedade de especies de flora, entre as que cabe destacar o aboédela, alcrique, albo, ¿ameixa?, castaño, frésano común, rebole, sacie cincen-

## Algunhas medidas de prevención e propostas de mellora para o río Miño

■ Faise preciso evitar os verquidos de augas residuais urbanas ou industriais ao río Miño sin que reciban o tratamento previo axeitado en EDARs e EDARIs. respectivamente.

Armonizar o urbanismo con o medio ambiente: é preciso integrar a urbanización e o urbanismo co medio ambiente sendo respectuosos coas márxes dos ríos as paisaxes.

Evitar a extracción de áridos, vivando para que esto non ocorra.

Xestión adecuada dos residuos urbanos, erradicar os verquidos incontrolados, dispoñer de papeleras en lugares estratéxicos que son especialmente visitados coa finalidade de facilitar aos cidadanos o cuidado da natureza

Faise precisa unha maior vixianza e control do ambiente

E necesario que exista unha maior vixianza e contro ambiental por parte da Aministración.

Dedicar máis recursos á protección e conservación do medio ambiente.

Impulsar a formación, investigación e educación ambiental, pezas clave dunha política ambiental de carácter preventivo.

O medio ambiente é unha tarefa de todos; hai que propiciar unha maior concienciación social e participación activa dos cidadáns na defensa da natureza; é preciso un maior compromiso por parte de todos maior compromiso por parte de todos os axentes sociais).



■ Reserva da Biosfera Terras do Miño

## Cales son as ameazas e perigos que acosan ao río Miño?

■ Os verquidos de augas residuais agrícolas e industriais constitúen unha das ameazas, aínda que en menor medida que noutros tempos por dispoñer actualmente algúns concellos con Estacións depuradoras de augas, aínda que se precisa un axeitado mantemento do seu funcionamento. A xestión da calidade das augas esixe un tratamento das augas residuais urbanas (EDARs) e industriais (EDARIs), sobre todo se temos en conta que a Directiva Marco da Agua da Unión Europea do ano 2000 tiña como obxectivo que todas as augas superficiais dos estados membros consigan un bo estado ecolóxico, polo que resulta imprescindible

dible unha xestión integral dos ecosistemas (desde o estado de conservación do bosque de ribeira ata a construción de infraestruturas hidráulicas ou a contaminación difusa dos cursos fluviais.)

■ A substitución do bosque de ribeira por pasteiro ou por repoblacións forestais de eucalipto e pino galego.

■ O desenvolvemento e a presión urbanística, cinexética e pesqueira.

■ A inadecuada xestión dos residuos urbanos, agrícolas e industriais, dando lugar a problemas de contaminación o que dificulta a súa conservación.

■ Os incendios forestais na súa maioría intencionados é unha das principais lacras de Galicia, ademais das consecuencias de carácter económico e social, supoñen un impacto ambiental dobre o solo, a vexetación, a fauna, o clima, etc.

■ O uso intensivo de praias e a maquinaria utilizada para limpialas supón unha ameaza para a vexetación dunar.

■ A extracción de áridos, prohibida, supón un problema de impacto ambiental coas seguintes consecuencias: invertida, alterando a cadea trófica, reduce a luminosidade das augas como consecuencia da turbidez, produce contaminación acústica, ademais do

risco de mobilizarse os metais pesados depositados no fondo.



■ Detalle do Río Miño

# De montes vizinhos e baldios



Por Nemésio BARXA

da Academia Galega de Jurisprudência e advogado

Os dados físicos a respeito dos montes são diversos e inclusive contraditórios, pelo que as cifras que expressamos a seguir são simplesmente indicativas, sem mais valor para este tema sobre montes que destacar a importância que a níveis económicos tem o monte na Galiza e em Portugal, muito especialmente ao norte de Porto.

Na Galiza a superfície ocupada por terrenos destinados a monte é superior a 1.900.000 has. (falamos de destino, não de terrenos incultos ou abandonados) que

supõe mais do 60% do seu território nacional; em Portugal a primeiros do século XX andavam pelos 4.000.000 de has., ao redor do 45% do seu território nacional, ainda que os principais assentamentos achavam-se no Norte (Vila Real, Viseu, Viana do Castelo e Bragança, no seu conjunto, detêm uma área de baldio equivalente a perto do 60% do total do baldio do país. Apontar que entre os anos 1.880 e 1.960 tanto na Galiza como, muito especialmente, em Portugal perdeu-se, uma notável extensão de estes montes, que a

Junta de Colonização Interna de Portugal situava pelo ano de 1.950 em perto de um 5%. O processo de alienação ou apropriação dos montes vizinhos têm menos incidência nas zonas de economia de montanha e foi propiciado muito particularmente pela Administração municipal e estatal.

Salientar que nestas terras que denominados montesias os aproveitamentos não se reduzem à madeira, também explorações de mineração (designadamente canteiras de pedra) e pastizais.

■ Comum a Galiza e Portugal, como relíquia de tempos quase ignotos, pervive um tipo de co-propriedade diferente da tradicional baseada no direito romano, que tem a sua origem no direito e costumes dos povos germânicos; possivelmente chegou até os nossos dias por afectar a terras montesias, sem valor específico em si, complementares da exploração agrícola; ao mudar os tempos estes montes chegaram a ter notória utilidade e valor “per se”, sendo fonte importante de ingressos para os compartes e para a economia nacional.

Trata-se das que na Galiza denominamos “montes vizinhos” ou “em mão comum” e que em Portugal conhecem-se por “baldios”; montes de vizinhos, de exploração comunitária do lugar e dos que obtinham fundamentalmente lenhas, pastos e estume. Desde já queremos destacar que aos nossos dias só chegam montes vizinhos no que foi território do reino da Galiza e em todo Portugal, preferentemente de Porto para o Norte.

Na Galiza a sua origem situa-se nos povos celtas e nas sociedades primitivas para as que a propriedade da terra constituía uma instituição com autêntico valor social, que pertence ao grupo, não aos indivíduos, e que cada sujeito tem direitos e deveres em

## I.- Breve notícia da sua origem

relação com a terra derivado do seu vínculo colectivo, mas nengum direito tem individualmente; nas invasões dos Suevos e o reparto que fizeram das terras, excluindo os montes e fragas de aproveitamento comum; e nas “marcas germânicas”; na Idade Meia, na Reconquista, para repovoar as zonas próximas às fronteiras ou as que consideravam básicas para futuras acções guerreiras, o Senhor, laico ou eclesiástico, assignava terras que seriam desfrutadas em comum pelas famílias que em elas assentassem, atribuindoas aos moradores do lugar que fundavam, tanto para os fundadores como para os que posteriormente se integraram no assentamento ou comunidade vizinhal criada.

Idêntica origem podemos sinalar para os “baldios” em terra ao Sul do rio Minho. Rogerio E. Soares sinala que os seus origens se perdem na noite dos tempos; e Manuel Rodrigues (no seu importantíssimo livro “Os Bal-

dios”) afirma que “são uma realidade jurídica, económica e social de remotas origens no quadro da sociedade agrária portuguesa”, terrenos que ficaram pertencendo aos moradores do termo e no seu domínio em comum, elemento importante na época da reconquista e reorganização do território português; no medievo os reis em muitos casos, para afiançar ou dilatar as suas conquistas aos mouros e estimular o povoamento, outorgavam forais aos povoadores nos que incluíam os terrenos do logradouro comum sobre os que aqueles já tinham um direito instituído por usos e costumes muito antigos, ou bem terras reguengas das que em parte - as incultas - eram destinadas ao logradouro comum de todos os vizinhos; outras vezes por transformação de terras inicialmente reguengas ou bem “maninhos”. No século XIII e posteriores, conseqüente à influência do Direito Romano que negava a estas agrupações pessoalidade jurídica, as comunidades

vizinhos enfrentam o perigo de ver suplantada a sua titularidade sobre os montes por uma pessoa jurídica que podia vir a ocupar o seu posto e, para eludi-lo, estas comunidades de tipo germânico tiveram que se amparar numa instituição procedente do direito romano: o censo enfiteutico; de este jeito, e por derivação, chegaram ao “foro” a favor dos vizinhos da paróquia ou lugar; o reconhecimento escrito de este domínio útil constituem as “cartas forais” que aparecem pasada a Idade Média.

A sua regulação foi consuetudinária, sem nengum reconhecimento legal e no seu evoluir, quando a inicial divisão administrativa e constituição dos municípios, passaram a ser administrados pelos Concelhos, ainda que os integrantes da Comunidade, realmente proprietários, continuaram no aproveitamento de estumes, pastos e lenhas, circunstância esta que evitou confrontamentos entre a Administração municipal e os vizinhos. Ao não ser cobizada a titularidade do monte e continuar os vizinhos no seu aproveitamento, a dialéctica interna de substituição do direito germânico e da costume pelo direito romano não acadou grandes tensões nas relações vizinhais.



## II.- Territorio de supervivência

■ Destacam as grandes superfícies de montes de vizinhos em copropriedade germânica existentes na Galiza e no Minho; mas o certo é que da leitura de diversas obras relacionadas com este tema de autores portugueses, muito especialmente o livro já mencionado “Os Baldios” da autoria de Manuel Rodrigues e o estudo do Programa da Reforma Agrária e legislação que o desenvolvia, comprova-se que os montes de vizinhos com aproveitamento de estrumes, pastos e lenhas estende-se por todo o território nacional peninsular português, ainda que com superfície muito superior ao norte de Lisboa (91%, dos que 66% ficam situados nos Distritos de Viana do Castelo, Bragança, Vila Real, Viseu, Guarda e Coimbra, nos que aparecem situados os maiores relevos naturais), decrescendo face o sul onde o latifúndio exerceu esmagadora asfixia sobre a pequena e média propriedade. Esta distribuição é que a sua existência na Galiza sobarda a actual divisão administrativa do que são os limites da Comunidade Autónoma, incluindo terrenos que em épocas muito anteriores formaram parte da

“Gallaecia” e posteriormente do Antigo Reino de Galiza, evidência que na sua origem e evoluir estiveram ligados à Gallaecia romana, ao reino Suevo que substituiu à província romana e, sem dúvida, aos habitantes anteriores, que passou ao reino de Galiza e ao Condado de Portugal, para espalhar-se posteriormente, ou bem constatar a sua anterior existência, a todo o território português segundo continuavam as tarefas da reconquista. De qualquer jeito o certo é que os Baldios ou Montes Vizinhos ou montes em mão comum é uma especial co-propriedade, com destino e características determinadas, em função da exploração agrícola, exclusiva da Galiza e de Portugal; que foi já definida por autores portugueses e galegos como nascida em sociedades de tipo preagrícola, desenvolvida com a organização das primeiras sociedades agrícolas já sedentarizadas, componente imprescindível para a economia agrícola, especialmente das camadas mais pobres da população rural, representando a possibilidade de abastecimento em matérias complementares à actividade

agrícola, como lenhas, pastos e estrumes. Os avatares corridos pelos Baldios foram semelhantes em Portugal e na Galiza, sempre esquecidos no seu regulamento legal e presa apetecível para a nobreza ou burguesia rural ou em épocas já mais próximas, ao adquirir valor independente, pelos Concelhos e pela Administração pública. Na Galiza até a Lei de Montes Vizinhos em mão comum de 1.966 o aproveitamento correspondia aos Concelhos ou à Administração florestal, reduzindo-se a intervenção vizinhal ao aproveitamento dos pastos, lenhas e estrume, sempre que não colisionasse com o aproveitamento principal gestionado pelas Administrações pública ou municipal. Em Portugal a Junta de Colonização Interna reservou uma área baldia de enormes dimensões para florestação, ocasionando inevitáveis e dolorosas perdas aos camponeses que a exploravam, propiciando uma resistência das populações atingidas, brutalmente reprimidas nas suas protestas, e que foram capazes de manter a realidade dos baldios e seus direitos, reconhecidos posteriormente.



## III. Importancia



O monte vizinhal ou baldio é de extrema importância para a supervivência de comunidades agrícolas ou rurais, já que proporciona complementos económicos importantíssimos ao tratar-se de grandes superfícies nas que, ainda que inicialmente adicadas a estrumes, pastos e lenhas na actualidade, ainda conservando seu destino principal de floresta, podem abranger outro tipo de cultivos e proporcionar ingresos para os vizinhos. Hoje vemos como, especialmente na Galiza, muitos dos terrenos vizinhos são adicados ao cultivo de vinhedos base dos magníficos vinhos que se elaboram nas cinco Denominações de Origen Vinícolas galegas.

Sua importância e potencialidade unidas à sua superfície pouco comum tanto na Galiza como no Minho, constituem focos de cobiza para especuladores e políticos que pretendem modificar este tipo popular de propriedade para privatizalo. Por isso alertamos às comunidades titulares de montes vizinhos em mão comum e baldios e em geral a toda a cidadania para defender a pervivência de este tipo de propriedade que é riqueza para toda a comunidade: a Xunta de Galiza já començou com uma modificação legislativa nos montes do comum e de próprios e agora pretende acometer a modificação da legislação sobre montes vizinhos encaminhada à sua privatização. Quinta do Limoeiro, janeiro do 2.015



## Concellos

# Salceda vístese de Entroido

**E**sta mañá ven de celebrarse a presentación do Entroido no Concello de Salceda de Caselas, coa presenza do Alcalde, Marcos Besada, a Concelleira de Cultura, Tere Pérez, e representantes dos barrios de Castro Barreiro e A Feira, así como de algunhas das agrupacións que van desfilar o domingo. Unhas 1200 persoas desfilarán polas rúas de Salceda en cada un dos desfiles do venres 13 e domingo 15. O venres día 13 será o turno dos centros escolares (públicos e privados) do municipio. Así, cóntase coa participación das Escolas Infantís Manus, Xoaniña e A Galiña Azul, o CRA Raíña Aragonta, o CEP Altamira e o IES Pedras Rubias, que como cada ano amosarán o seu enorme traballo e creatividade en nenos e nenas de idades entre os 0 e os 18 anos. Esta estase a converter nunha cita multitudinaria en Salceda, que ano tras ano ve as súas rúas ateigadas de xente para presenciar este variado desfile. A cita será o venres ás 11:30, e pasará polas rúas Rosalía de Castro, Ador, Joaquín Fernandez Sestelo, Praza do Concello, Rúa Pontevedra, Rúa Dr. Zunzunegui, Av. Victoriano Pérez Vidal, Rúa Rafael Tilve Adrio, Rúa Coruña e Parque Raíña Aragonta.

O domingo, día grande a nivel municipal, terá lugar o XVII Desfile de Carrozas e Comparsas, de novo con uns 1200 participantes repartidos en 13 agrupacións chegadas de Salceda, O Porriño, Tui e Tomiño. As comparsas recibirán pola súa participación axudas que van dende os 100 ata os 700 €, en función do número de compoñentes de cada agrupación. Ademais de participar no desfile, as agrupacións subiránse tamén ao escenario para recitar as súas coplas, que seguro tratarán dos temas de máis rabiosa actualidade. A Concellaría de Cultura afronta esta cita como unha das máis importantes do ano, xa que nos últimos anos ten congregado a milleiros de persoas presenciando o espectacular desfile. As diferentes agrupacións traballan arreo para ter todo listo para a cita, que sen

dúbida volverá marcar páxina na historia do entroido da comarca.

A programación municipal complétase con actividades para os máis cativos durante o sábado, co concerto das Maimiñas ás 12:00 e a festa infantil ás 17:00, ambos no Parque Raíña Aragonta. O domingo ás 12:00 será o turno da Banda Cultural de Salceda, que ofrecerá o seu tradicional concerto de Entroido na Praza do Concello. E pola noite, unha vez rematado o desfile de carrozas e comparsas e o concurso de coplas, chegará o turno da verbena, que nesta ocasión contará coas orquestras Saudade 73 e Leticia Espectáculo.

O luns e o martes, o Concello cede o turno para o Entroido máis tradicional do municipio, o que ven enfrontando dende hai máis dun século aos barrios de A Feira e Castro Barreiro. Estes dous barrios traballan arreo dende hai meses, no máis absoluto segredo, para que non transcenda ningunha información ao barrio rival. Para iso, como confirmaron hoxe as representantes dos dous barrios, funciona xa a pleno rendemento o “servizo de espionaxe”, que trata de conseguir información de temáticas, coreografías, músicas...

Teresa Pérez, Concelleira de Cultura: “Estamos ante a nosa festa máis antiga e queremos seguir a ser referencia en todo o País. Queremos agradecer a enorme participación que teñen os nosos actos e o bo comportamento e competitividade que ano tras ano está a caracterizar a nosa programación”.

Marcos Besada, Alcalde de Salceda: “Salceda prepárase para acoller unha vez máis a milleiros de visitantes, que aproveitarán ademais para disfrutar da nosa oferta turística e de ocio. Transmito unha vez a nosa noraboa aos veciños e veciñas de A Feira e Castro Barreiro por seguir a manter viva unha tradición centenaria, e por facelo cada vez con máis forza se cabe. Así mesmo, felicitamos ás agrupacións participantes no desfile do domingo, que sen dúbida están a acadar un nivel superior cada ano que pasa.



# Lampreia do rio Minho servida em cerca de uma centena de restaurantes do Vale do Minho



Iniciativa, denominada “Lampreia do Rio Minho – Um Prato de Excelência”, decorre nos fins de semana de fevereiro e março. Quem visitar a região, poderá deliciar-se com arroz de lampreia ou à bordalesa mas também com opções mais contemporâneas: sushi, escabeche ou empanada. Autarquias disponibilizam programa complementar que engloba visitas guiadas ao património natural e construído e atividades diversas na montanha e no rio.

**N**os fins de semana de fevereiro e março, cerca de uma centena de restaurantes do Vale do Minho (Melgaço, Monção, Valença, Paredes de Coura, Vila Nova de Cerveira e Caminha) vão apresentar, com tradição, requinte e inovação, a Lampreia do Rio Minho aos visitantes e apaixonados pela boa gastronomia que, nesta época, se deslocam à região. A apresentação desta iniciativa, já na VI edição, teve lugar este sábado na sala de exposições do Cine Teatro João Verde. Além do presidente da autarquia local, Augusto Domingues, marcaram presença, entre outros, o presidente da Adriminho e da Câmara Municipal de Melgaço, Manoel Baptista, e o presidente da Confraria da Lampreia do Rio Minho, João Guterres. Destacando a importância económica deste afamado ciclóstomo junto da restauração e dos pescadores, os três coincidiram na defesa da certificação deste prato sazonal e na abertura de outras “roupagens” gastronómicas para diversificar a oferta e cativar novos públicos. Augusto Domingues sublinhou que a iniciativa constitui “um valioso cartão-de-visita da região num período de época baixa” que contribui para “a vinda de muita gente de Portugal e da Espanha” garantindo-se “dinamização hoteleira e

valorização das nossas paisagens e monumentos”.

Deixou um convite ao público: “A nossa lampreia tem sabor único e o saber de grandes cozinheiras. Venha provar este manjar e apreciar o muito que o território tem para oferecer”. E uma sugestão aos empresários de hotelaria: “Façam desta iniciativa um trampolim económico para o ano todo e não de apenas uns fins de semana. A qualidade na confeção e no atendimento, juntem moderação no preço para as pessoas regressarem”.

Nestes fins de semana, quem visitar a região do Vale do Minho, poderá deliciar-se com arroz de lampreia ou à bordalesa mas também com opções mais contemporâneas: sushi, escabeche ou empanada. Para acompanhar, uma garrafa de Alvarinho, um dos melhores vinhos brancos do mundo com selo de garantia da Sub-Região de Monção e Melgaço.

Neste período, as seis autarquias disponibilizam programas complementares que englobam visitas guiadas ao património natural e construído das respetivas localidades e atividades diversas na montanha e no rio. No caso de Monção, o ponto alto acontece no dia 1 de março, domingo, com a realização do XXXVIII Rali à Lampreia.

ÁS VECES,  
PARA CUMPRIR  
OS NÓSOS SOÑOS,  
É NECESARIO  
VOLVER EMPEZAR,  
VOLVER NACER

*Sonñemos como galegos!*

**GADIS**



## Salceda

## Historia - orixe



■ Non se ten precisado con certeza a orixe das festas do Entroido.

É en épocas escuras da Idade Media cando aparece con máis forza formando parte do círculo litúrxico cristián, polo que parece que sen a existencia da Coresma, o Entroido, non perdurase na forma que maioritariamente se presentou ata hai algúns anos.

Desde o Renacemento creuse que o Entroido proviña directamente das antigas festas Saturnais romanas. Nestas festas existía como costume xeneralizado, o troco de agasallos e invitacións, de vestirse con máscaras ou disfrazarse e de que os señores vestisen humildes roupas dos escravos, gozando estes por contrapartida, de certa

liberdade sen recoñecer amo algún

A propia verba Carnaval levou a alguns a derivala de "carrus navalis" ou representación que nas festa das Kalendas de marzo viñan celebrala os romanos en honra da deusa Isis, con procesións, disfraces e exhibicións de barcos arrastrados pola terra.

O Entroido é unha festa na que os ritos e manifestacións de orixe arcaica mestúranse na época romana con outros de tipo social, que perduran ata a Idade Media, adquirindo tamén un sentido cristián. A convivencia de ambas manifestacións, a pagá e a cristiá, lévannos definitivamente a fixar os caracteres que aínda hoxe na actualidade detéctase na festa do Entroido. A cultura popular era poderosa mentres que a oficial e relixiosa máis feble, polo que, con fins propagandísticos a igrexa facía cadrar as súas

## Os Entroidos en Salceda

Os entroidos de Salceda son con moita diferenza os mellores desta comarca do sur de Galicia, aínda que non superan aos de Verín ou Xinzo de Límia; alí o Entroidos son a manifestación festeira e humorista maior de todo o ano neses concellos.

En Salceda tense prantexada unha disputa entre dúas comunidade de veciños: Castro Barreiro e A Feira.

Ano tras ano, mantendo un segredo que para si quixeran os integrantes do CSI, non se permite o acceso aos talleres onde se confeccionan as carrozas a ningún que non pertenza aos respectivos equipos. Non hai filtración posible, sería castigada co escarnio popular.

Hoxe falamos cos representantes de ambas as dúas comunidades: M<sup>o</sup> José, por Castro Barreiro e Marcos por A Feira.

Por Guillermo Rodríguez

Entrevista a M<sup>a</sup> José de Castro Barreiro

**Dende cando e por qué se creou esta rivalidade dos dous barrios?**

■ Desde moito antes da guerra civil, por mediación de retornados do Brasil. Naquel momento xa existían os seráns nos dous barrios, pero coa influencia desta xente estes seráns foron a

máis, chegando ao que temos hoxe en día.

**Canta xente pode participar na confección dunha carroza destas características?**

■ Pois participa todo o barrio, cada grupo grupo de idade

nunha función distinta, como o traballo na carroza, a creación dos traxes, os adornos, armacións, música, organización da festa, etc

**Como conseguides manter o misterio de que non se saiba que tipo de carroza ides sacar a rúa?**

■ Pois sendo moi discretos, creo que todos crecemos sabendo que diso non se fala con ningún, nin coa familia, nin ami-

gos...o que non se entendería sería o contrario, falar do tema, sería impensable

**Cal pode ser o importe de cada unha destas carrozas?**

■ Se falamos solo das carrozas pode custar cada unha sobre 6000€, se nos vamos tamén a comparsa e a festa podemos chegar a falar dunha cantidade moito máis elevada.

**Como non hai premio de ningún tipo, cal é o voso premio individual e colectivo?**

■ Pois personalmente o orgullo, a satisfacción por un traballo ben feito, ppr ser mellores, e o mellor é o moito que disfrutamos da nosa festa, da mellor festa do ano.



# do entroido en xeral

festas con aquelas que fosen pagás co único fin de intentar cristianizalas. As festas populares nas que a risa, a burla ou a pantomima, eran elementos esenciais, foron consideradas como cousa demoníaca, emanante do Inferno, e o rezo, o recollemento, a oración e o arrepentimento como provintes de Deus. Estas premisas marcaron a concepción filosófica dos primeiros tempos da igrexa medieval, e en canto, comezou a considerar como unha segunda natureza humana, estas manifestacións de desafío, ata o estamento relixioso chegou a asumilo no contorno do seu propio ritual, permitindo pois estes excesos en determinadas datas do ano co único fin de erradicalo aos poucos, e así desta forma os mesmos relixiosos, conscientes do seu papel transformador, contribuíron á súa expansión baixo novas formas,

potenciadas por eles. Así chegaron a recrearse situacións xocosas e satíricas de paisaxes bíblicas e de libros relixiosos, sempre xustificándoas baixo a premisa desa segunda natureza humana. Na liturxia, nos funerais, nos matrimonios, bautizos e outras cerimoniais comezan a aparecer estas manifestacións satíricas, exemplo diso, son: "As festas do San Xoan" "Os Inocentes" "A Liturxia dos Borrachos" "O Evanxelio dos Borrachos" "O Testamento Porcelli" "Pater Noster" "Credo" e outras letanías, que sen ningunha dúbida remítennos aos Testamentos e Enterros das nosas festas do Entroido. Tamén vellas pezas teatrais, os "ministrys" (dos menestrais=gremios) con intención ridiculizadora son un precedente dos Entremeses e Apropósitos dos nosos tempos. En moitas destas festas saían xa previamente os

"demos" enmascarados, circulando libremente polas rúas e creando un ambiente de desenfreno. Ao pouco tempo estes enmascarados xa aparecen organizados participando en gremios, en danzas e finalmente en procesións como penitentes representando sempre o demoníaco, o negativo fronte ao triunfo da fe.

A partir do Renacemento, coa nova concepción filosófica do mundo e da vida, a festa do Entroido foi máis unha lembranza e o adeus a outra época que xa terminara. Nalgúns casos foi así, máis noutros, a concepción vital medievalista perdurou por diversos motivos socioeconómicos, ata os nosos días; no rural, agrario e medieval a través das nosas xentes, as nosas vilas e cidades por medio dos gremios que mostraban os seus espectáculos, invencións, danzas e máscaras.

Por Guillermo Rodríguez

Entrevista a Marcos de A Feira

## Marcos, dende cando e por qué se creou esta rivalidade entre dos dous barrios?

■ Esta rivalidade provén dende hai máis de cen anos. Os maiores do barrio falan das orixes deste entroido nos "seráns" onde os veciños se reunían para realizar labores do agro, domésticas ou calquera outra actividade de carácter social e que remataba na maior parte das ocasións nunha reunión lúdica ou de ocio onde non faltaban os cánticos e os bailes. Cada barrio contaba co seu serán e de aí que comezase a rivalidade por ver quen organizaba a mellor troula. Estes seráns foron evolucionando, en certo modo grazas as axudas chegadas dos emigrantes en América, sobre todo do Brasil, que aportaban medios económicos e incluso materiais para contribuir na causa. Pouco a pouco foron aparecendo as figuras das carrozas e com-

parsas ata chegar ao actual entroido, moito máis tecnolóxico e sofisticado e de maior popularidade.

## Como conseguides manter o "misterio" de que non se saiba que tipo de carroza ides sacar á rúa?

■ Na confección das carrozas é difícil dar un número de participantes, pois os veciños do barrio vólcanse na construción das mesmas dentro das súas posibilidades e contribuíndo da mellor maneira que poden. Podríase dicir que un número máis ou menos aproximado sería de entre 20 e 30 veciños que acuden con maior regularidade. Tampouco debemos esquecer os labores de confección dos traxes da comparsa, que son parte igual de importante que a carroza e

onde se coordinan un número aproximado de entre 15 e 20 veciños da Feira.

## Como conseguides manter o "misterio" de que non se saiba que tipo de carroza ides sacar á rúa?

■ O misterio, o espionaxe e a especulación sempre están en boca de ámbolos dous barrios, é a esencia deste entroido e nese sentido tanto a Feira como Castro Barreiro saben moi ben a transcendencia que pode ter unha revelación inoportuna. Por este motivo, xa dende cativos se toma consciencia de gardar o segredo, incluso entre veciños do propio barrio.

## Cal pode ser o importe de cada unha destas carrozas?

■ Os custos asociados a unha carroza destas magnitudes son variables dependendo das características da mesma e do material que se

precise cada ano. En calquera caso unha cifra aproximada estaría entre os 3.000 e os 5.000 euros.

## Como non hai premios de ningún tipo cal é "o voso premio persoal e colectivo?"

■ O premio máis grande que levamos ámbolos dous barrios é a unión e o esforzo dos veciños por tentar de organizar un entroido de calidade, no que todos poidan participar e disfrutar nos días que dura o mesmo. As tardes e noites traballando arreo, no que tamén hai tempo para a diversión e o "cachondeo" entre cuncas na cantina do bar. É unha satisfacción poder contemplar cada ano como dous modestos barrios, en mo-

mentos de difícil acceso ás axudas económicas, con esforzo o paixón son capaces de organizar un entroido multitudinario, admirado nos demais Concellos da contorna, e que cada ano é capaz de reunir a centos de persoas para disfrutar das temáticas elixidas e da rivalidade entre ambos barrios, ademais de acoller nas súas verbenas a aquelas orquestras máis coñecidas do panorama musical. É por qué negalo, tamén é ben recibida calquera frase ou expresión de alago dirixida as carrozas e comparsas que se presenta, e sobre todo se provén do barrio contrincente.



# ENTERRO DA LAMPREA


## Salvaterra de Miño

Entroido 2015  
**21 DE FEBREIRO ÁS 18:00 hrs.**  
 (RÓGASE ACUDIR DE LOITO)




Marcha fúnebre a cargo da Charanga "Mc'CANUDA" de Salvaterra de Miño, acompañando a comitiva da Difunta Lámpera diferentes comparsas.

PERCORRIDO: SAÍDA: RUA ROSALÍA DE CASTRO (ENTRADA COLEXIO INFANTE FELIPE) - RUA CASTELAÑO - RUA FONTE DA VILA - RUA DOÑA URRACA E PRAZA DO CONCELLO.




## IBM ABOGADOS

### PARTICIPACIONES PREFERENTES Y SUBORDINADAS DE BANCOS Y CAJAS

- 100% de éxito alcanzado en todos los procedimientos judiciales y extrajudiciales gestionados en reclamación de PARTICIPACIONES PREFERENTES Y OBLIGACIONES SUBORDINADAS de BANCOS Y CAJAS DE AHORROS.
- Estudio previo GRATUITO.
- Se incluyen todos los servicios necesarios para el pleito ABOGADO, PROCURADOR y PERITO ECONOMISTA.

|                                                                                                            |                                                                                                                                   |                                                                                                                                     |                                                                                                                                     |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <b>VIGO</b><br>C/ Colón, 18 - 4ºB<br>36201<br>Tlf: 986 421 457<br>Fax: 986 421 479<br>vigo@ibmabogados.com | <b>MADRID</b><br>Avda. de La Castellana, 228 - 5º Izq.<br>28046<br>Tlf: 913 159 828<br>Fax: 913 159 828<br>madrid@ibmabogados.com | <b>PORTO</b><br>Avda. Boavista, 280 - 5º E/C<br>4050-113<br>Tlf: 00 351 226067465<br>Fax: 00 351 226000166<br>porto@ibmabogados.com | <b>PONTEAREAS</b><br>Avda. de La Constitución, 16-1º<br>36860<br>Tlf: 986 640 164<br>Fax: 986 660 971<br>ponteareas@ibmabogados.com |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|

**WWW.IBMABOGADOS.COM**